



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de novembro de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e dez minutos do día vinte e dous de novembro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1014).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 15 de novembro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1015).- ADHESIÓN AO "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A IMPLANTACIÓN DA HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA". EXPTE. 186187/301.

Visto o informe de fiscalización do 20/11/19, dáse conta do informe-proposta de data 17/07/19, asinado pola xefa de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social, o xefe de Área e a concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. O 11.11.2016 asinouse en Santiago de Compostela o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A IMPLANTACIÓN DA HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA».

I.2. O obxecto deste Convenio é, como o seu propio título indica, impulsar a posta en funcionamento da Historia Social Única Electrónica (HSUE) nas Entidades Locais galegas, establecendo os mecanismos que aseguren a coordinación e o intercambio de información entre as partes asinantes. Constitúe, ademais, o marco xurídico dentro do cal as EELL poderán asinar a súa adhesión (Cláusulas primeira e terceira, Convenio).

I.3. A vixencia deste Convenio finalizaba inicialmente o 31.12.2018 pero, tal como estaba previsto na súa Cláusula sexta, foi expresamente prorrogada mediante a sinatura o 18.10.2018 dunha *Addenda* ata o 31.12.2022.

I.4. En data 24.05.2019 tivo entrada no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 190077353) oficio do Director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia informando do proceso de implementación da HSUE nas entidades locais de Galicia e solicitando a adhesión formal do Concello de Vigo, por considerar que redundará nun beneficio mútuo.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.14/2013, do 26 de decembro, do Parlamento de Galicia, de racionalización do sector público autonómico.
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- D.99/2012, do 16 de marzo, da *Consellería de Traballo e Benestar*, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- D.89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á HSUE.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.



Concello de Vigo

III. INFORME

III.1. A L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu Art. 16.5 que a Xunta de Galicia creará a HSUE, como conxunto de información e documentos en formato electrónico nos que se conteñen os datos, as valoracións e as informacións de calquera tipo sobre a situación e a evolución da atención social das persoas usuarias do sistema galego de servizos sociais ó longo do seu proceso de intervención así como a identificación dos/as profesionais e servizos ou prestacións que interviñeron sobre este.

III.2. Segundo se sinala no «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A IMPLANTACIÓN DA HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA», a HSUE constitúese como o soporte de traballo máis axeitado para a intervención social e deberá facilitar o manexo e a accesibilidade da información e documentación social da persoa usuaria.

III.3. As vantaxes de adherirse a este Convenio e poder acceder así á HSUE sintetízanse naquel oficio do Director xeral de Inclusión Social nos seguintes termos:

- 1) *“Permite obter, ao momento, información global e detallada das persoas usuarias dos servizos sociais de toda Galicia e, en consecuencia, facilita á intervención social dos/das profesionais.*
- 2) *Favorece a coordinación entre os servizos sociais comunitarios municipais e os especializados autonómicos (de xeito similar á historia clínica do Sergas, no ámbito da sanidade).*
- 3) *Facilita a elaboración dos informes sociais unificados para maiores, discapacidade e dependencia (ISU), e mais dos informes sociais de inclusión (ISI, os necesarios para a tramitación da RISGA).*
- 4) *Dota dunha maior eficiencia e rigorosidade os procesos de intervención social.*
- 5) *Configura un modelo de acceso seguro á información, protexéndoo contra accesos indebidos ou ataques informáticos”.*

III.4. A Xunta de Galicia deberá garantir o acceso á información contida na plataforma de HSUE e á propia plataforma ós/ás profesionais das entidades locais nos termos recollidos no D.89/2016, do 30 de xuño. Dentro da plataforma HSUE facilitará o acceso á ferramenta informática SIUSS (*“Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais”*), establecendo os mecanismos técnicos que garantan a súa interoperabilidade coa HSUE e tamén servizos de interoperabilidade co sistema HSUE que permitan a integración de ferramentas específicas dos servizos sociais comunitarios distintas do SIUSS, de xeito que se asegure o obxectivo de dispor dunha HSUE completa a nivel autonómico segundo as previsións e prazos temporais recollidos no D.89/2016.

III.5. Tanto a Administración autonómica como as entidades locais partes do Convenio comprométese a facer un uso axeitado dos servizos electrónicos dispoñibles na plataforma de

HSUE, nos termos previstos e para os fins indicados na súa normativa reguladora (D.89/2016). Asumen tamén as EELL o compromiso de impulsar, promover e difundir a utilización desta plataforma entre o persoal ó seu servizo e entre os administrados.

III.6. Na tramitación do expediente recabouse o informe da xefatura de Admón. electrónica do Concello, especificamente sobre os deberes e obrigas que asumiría o Concello de Vigo como encargado do tratamento de datos (Cláusula décimo quinta) tendo en conta, ademais, que a proposta de Convenio, pola data da súa sinatura, non recolle a nova normativa en materia de protección de datos (Regulamento UE 2016/679 e LO.3/2018).

III.7. Tal informe emitiuse polo Xefe de Admón electrónica o 01.07.2019 e é do seguinte teor literal:

«En aplicación das previsións contidas no RD 3/2010 de 8 de Xaneiro polo que se reula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica a Xunta de Goberno Local de data 26 de Marzo de 2017 acordou :

1. “Aprobar dentro do marco normativo do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, a seguinte normativa técnica acordada polo Comité de Seguridade en data 07/03/2016:

- *NO-01 Normativa de seguridade da información*

Este documento contén os principios básicos xerais polos que se debe rexir o uso dos sistemas de información co Concello de Vigo.

- *NO-02 Normativa de utilización dos recursos e sistemas de información*

Este documento contén a Normativa Xeral de Utilización dos Recursos e Sistemas de Información do Concello de Vigo, xestionados ou baixo a responsabilidade do Concello de Vigo, sinalando así mesmo os compromisos que adquiren os seus usuarios respecto da súa seguridade e bo uso

- *NO-03 Normas de acceso a Internet*

O obxectivo desta norma é regular o acceso a Internet por parte dos usuarios dos Sistemas de Información do Concello de Vigo posibilitando a homoxeneización de criterios dentro das súas unidades administrativas e definindo unhas regras de uso que deberán ser coñecidas e observadas por todos os usuarios.

- *NO-04 Normas de uso do correo electrónico*

O obxectivo desta norma é regular o acceso e utilización do correo electrónico (e-mail) por parte dos usuarios dos Sistemas de Información do Concello de Vigo, desde as distintas sedes do Concello de Vigo ou a través delas, posibilitando a homoxeneización de criterios dentro das súas unidades administrativas e definindo unhas regras de uso que deberán ser coñecidas e observadas por todos os usuarios.

- *NO-05 Normas para traballar fóra das instalacións*

O obxectivo desta norma é regular o traballo do persoal do Concello de Vigo cando desenvolva a súa actividade profesional fóra dos edificios, dependencias ou instalacións do Concello de Vigo posibilitando a homoxeneización de criterios dentro das súas unidades



Concello de Vigo

administrativas e definindo unhas regras de uso que deberán ser coñecidas e observadas por todos os usuarios.

- *NO-06 Normas de creación e uso de contrasinais*
O obxectivo desta norma é regular a creación e uso de contrasinais robustas, cando este sexa o mecanismo de autenticación usado para o acceso a determinados sistemas ou servizos do Concello de Vigo.
- *NO-07 Acordo de confidencialidade e de protección de datos de carácter persoal para terceiros*
O obxectivo desta norma é proporcionar un modelo de acordo de Confidencialidade e de Protección de datos de carácter persoal para Terceiros do Concello de Vigo.
- *NO-08 Modelo de contido de boas prácticas para terceiros*
O obxectivo desta norma é presentar un modelo de contido de boas prácticas para terceiros, que presten servizos no Concello de Vigo.

Como consecuencia de este acordo aprobase o Documento de seguridade e realizase a implantación de políticas de seguridade, control de acceso, conservación da información».

III.8. No Convenio obxecto de adhesión non se concreta ningún compromiso financeiro cuantificable para o Concello, máis alá dunha referencia xenérica na súa Cláusula cuarta (“Financiamento”) a que as partes asumirán “con cargo aos seus propios orzamentos, as accións que se deriven do cumprimento” do mesmo, polo que, agás mellor criterio noutro sentido, entendemos que -alomenos neste momento- non se precisaría do informe previo da Intervención xeral municipal.

III.9. É competente para aprobar a adhesión a este Convenio a Xunta de Goberno Local, por proposta da Concelleira-delegada de Política de Benestar Social, de acordo co disposto no Art. 127 da LRBRL e no Apdo. terceiro, Ptos. 5, 13 e 14 das Resolucións da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e do 26.06.2019, de delegación de competencias (2019-2023) nos/as concelleiros/as delegados/as de Área.

A súa sinatura corresponde ó Alcalde – Presidente da Corporación (Arts. 124.4.a] LRBRL e 61.1.a] LALGA) e, por delegación súa (Resolucións do 18.06.2019 e 26.06.2019, Apdo. Terceiro, Pto. 5), á Concelleira delegada de Política de Benestar Social.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

Á vista do exposto e considerando potencialmente útil e beneficiosa para o funcionamento dos servizos sociais a participación do Concello de Vigo na implantación e desenvolvemento da HSUE, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar a solicitude de adhesión do Concello de Vigo ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A IMPLANTACIÓN DA HISTORIA SOCIAL

ÚNICA ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA», que estará vixente ata o 31.12.2022, sen prexuízo da posibilidade de prorrogalo por acordo expreso das partes mediante a subscrición da correspondente *Addenda*.

SEGUNDO: A sinatura do Protocolo oficial de adhesión ó Convenio (Anexo I) deberá ser realizada dixitalmente pola Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019 e 26.06.2019, de delegación de competencias (Apdo. Terceiro, Pto. 5), a través da “Sala de sinaturas” da Xunta de Galicia.

TERCEIRO: Remitir copia deste acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (Dirección xeral de Inclusión Social), para o seu coñecemento e demais efectos».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A IMPLANTACIÓN DA HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, a de novembro de 2016

REUNIDOS

Don Alfonso Rueda Valenzuela, na súa condición de vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, que actúa de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e mais co disposto no Decreto 230/2012, do 2 de decembro, polo que é nomeado vicepresidente da Xunta de Galicia, no Decreto 229/2012, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, e no Decreto 11/2015, do 5 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Don José Manuel Rey Varela, na súa condición de conselleiro de Política Social da Xunta de Galicia, que actúa de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e mais co disposto no Decreto 126/2015, do 4 de outubro, do seu nomeamento, o Decreto 116/2015, de 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.



Concello de Vigo

Dona M.^a del Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, no uso das facultades que lle son atribuídas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

E Don Alfredo L. García Rodríguez, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra d) dos vixentes Estatutos da Fegamp (aprobados pola Asemblea Xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola Asemblea Xeral do 30 de outubro de 2015.

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio, e na súa virtude,

EXPOÑEN

I.- Conforme o previsto nos artigos 148.1.20^a da Constitución española e 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia posúe competencia exclusiva en materia de asistencia social. No exercicio da dita competencia ditouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais en Galicia, entendendo por tales o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais.

Integra o sistema galego de servizos sociais o conxunto de servizos, programas e prestacións, tanto de titularidade pública como de titularidade privada, acreditados e concertados pola Administración nos termos establecidos na Lei 13/2008, do 3 de decembro. Así, na creación e xestión dos distintos servizos, programas e prestacións participan diferentes administracións e entidades, dentro do ámbito competencial e de participación que prevé a propia Lei 13/2008, do 3 de decembro. A amplitude do catálogo de servizos con intervención de distintas administracións e entidades define un escenario complexo en que resultan imprescindibles a coordinación e cooperación interadministrativa.

A actual situación demográfica e socioeconómica, que propicia un cambio no perfil das persoas usuarias de servizos sociais, incrementa as necesidades de atención a que debe dar resposta o sistema de servizos sociais, o que obriga a adaptarse aos cambios con rapidez para garantir unha atención de calidade e sustentable. Esta situación leva tamén a que resulte necesario esforzarse en reducir barreiras entre os niveis asistenciais e en optimizar o uso dos recursos, aspecto en que o aproveitamento das posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) resulta clave.

*II.- Neste contexto, o Consello da Xunta de Galicia aprobou no mes de outubro de 2013 o **Plan Trabe** para a modernización tecnolóxica dos servizos sociais. Coa integración das tecnoloxías da información e da comunicación na xestión dos servizos sociais, a Administración autonómica busca mellorar a súa eficiencia para garantir a sustentabilidade do sistema e incrementar a súa capacidade para dar cobertura a unha demanda de atención en aumento.*

Unha das claves do plan é a creación dun sistema integrado de intercambio de información entre o sistema social, sanitario e as administracións locais e autonómica, dispoñible para todos os axentes implicados con toda a información relevante dos/das usuarios/as e coa carteira de servizos global. É neste marco que se fai uso da Historia Social Única Electrónica, un sistema de información que implicará unha nova forma de traballar, máis áxil, xa que introduce un modelo global en que se dispón de toda a información integrada e consolidada, de maneira que calquera cambio nela queda á disposición do resto dos axentes implicados. Neste senso, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 30 de outubro de 2014, acordou o **inicio polos órganos competentes das actuacións necesarias para a tramitación da normativa que regule o uso da Historia Social Única Electrónica, o acceso á información recollida nela, así como o uso preferente da tarxeta sanitaria do Servizo Galego de Saúde como instrumento de identificación no acceso da cidadanía aos servizos sociais e a creación dunha base de datos poboacional de referencia**, inicialmente no ámbito social e sanitario de Galicia, sen prexuízo de que se incorporen novos ámbitos tomando para tal efecto como punto de partida os datos poboacionais contidos na base de datos do sistema da tarxeta sanitaria, á que se refire o punto 1 do anexo II da Orde do 12 de xullo de 1995 de desenvolvemento do Decreto 177/1995, do 16 de xuño, polo que se regula a tarxeta sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

III.- A Constitución española recolle no seu artigo 39, entre os principios reitores da política social e económica, o relativo a que os poderes públicos aseguran a protección social da familia.

O artigo 6.3 da **Lei 13/2008, do 3 de decembro**, enumera os dereitos que todas as persoas, en tanto que usuarias **dos servizos sociais**, teñen con relación ao sistema galego de servizos sociais, entre os cales se atopan os consistentes en utilizar o sistema de servizos sociais en condicións de igualdade e sen discriminación; o de recibir un tratamento acorde á dignidade da persoa e ao respecto dos dereitos e liberdades fundamentais; o de recibir información de maneira áxil, suficiente e veraz, e en termos comprensibles, sobre os recursos e prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como o dereito á confidencialidade, sigilo e respecto en relación cos seus datos persoais e coa información que sexa coñecida polos servizos sociais en razón da intervención profesional, sen prexuízo do posible acceso a eles no exercicio dunha acción inspectora, de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Xunto co anterior, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, no artigo 16.5 establece que a Xunta de Galicia creará a Historia Social Única Electrónica, como conxunto de información e documentos en formato electrónico nos cales se conteñen os datos, as valoracións e as informacións de calquera tipo sobre a situación e a evolución da atención social das persoas usuarias do sistema galego de servizos sociais ao longo do seu proceso de intervención, así como a identificación dos/das profesionais e servizos ou prestacións que interviñeron sobre este. Asemade, no número 5 bis deste artigo, establécese que a Historia Social Única terá carácter público e confidencial e respectará os dereitos das persoas usuarias ao acceso ao seu expediente persoal e a obter copia del, garantindo que esta historia só será empregada para a intervención profesional ou para unha acción inspectora de carácter público.

No artigo 59.g) da Lei 13/2008, do 3 de decembro, establécese a competencia da Xunta de Galicia, entre outras, para o deseño, a creación, a xestión e a coordinación dun sistema de información estatística dos servizos sociais e o deseño, a creación, a xestión e a coordinación da Historia Social Única Electrónica, así como o seu mantemento e actualización.

Por outra parte, o **Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento**, no seu artigo 39 sinala que o órgano superior da Administración xeral da comunidade autónoma competente no sistema galego de servizos



Concello de Vigo

sociais implantará e manterá un sistema de información básica das persoas usuarias dos servizos sociais que estará conectado en rede cos sistemas de información e de xestión das prestacións e servizos incluídos no Catálogo de servizos do sistema galego de servizos sociais, e, no seu número 2, engade que o sistema de información posibilitará o retorno da información relevante sobre as persoas usuarias desde os servizos sociais especializados ao expediente social básico xestionado polos servizos sociais comunitarios. Por outra banda, na normativa reguladora da Administración electrónica, abórdanse aqueles aspectos en que é obrigado que as previsións normativas sexan comúns, como é o caso da interoperabilidade como capacidade dos sistemas de información e dos procedementos a que dan soporte para compartir datos e posibilitar o intercambio de información e coñecemento entre eles, que resulta necesaria para a cooperación, o desenvolvemento, a integración e a prestación de servizos conxuntos por parte das administracións públicas.

De acordo co exposto, corresponde á Xunta de Galicia crear o sistema de información das persoas usuarias dos servizos sociais, conectado en rede cos sistemas de información das prestacións e servizos do Catálogo de servizos do sistema galego de servizos sociais, no cal queden recollidas todas as intervencións e servizos prestados á persoa usuaria nos diferentes niveis de actuación do sistema galego de servizos sociais.

As previsións da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, en relación co expediente social básico único no ámbito dos servizos comunitarios e co sistema de información social básica das persoas usuarias dos servizos sociais, obteñen pleno cumprimento a través da Historia Social Única Electrónica, cuxo uso e acceso se regula neste decreto. Neste senso, o expediente social básico será o punto de entrada habitual para a maior parte das persoas usuarias do sistema galego de servizos sociais, ao constituír os servizos sociais comunitarios o acceso normalizado e o primeiro nivel de intervención do sistema, de acordo co artigo 9 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e do artigo 6 – Apertura e elaboración da Historia Social Única Electrónica do Decreto 89/2016, de 30 de xuño. A apertura dun expediente social básico nos servizos sociais comunitarios ou, naqueles casos en que estea xustificado, de calquera outro expediente no ámbito dos servizos sociais especializados, será motivo para que se habilite a Historia Social Única Electrónica do/da usuario/a e, a partir dese momento, a información social relacionada coa súa persoa quedará integrada e á disposición dos/das usuarios/as do sistema.

Así mesmo, no relativo á confidencialidade dos datos e á promoción de novas canles electrónicas de interacción coa cidadanía, é preciso ter en conta a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como a normativa reguladora da Administración electrónica.

A Historia Social Única Electrónica constitúese como o soporte máis adecuado para a intervención social, facilita o manexo e a accesibilidade da información e documentación social da persoa usuaria, para cuxo obxecto os/as profesionais técnicos/as que interveñen nela teñen dereito de acceso e, de ser o caso, deber de acceder e/ou rexistrar a información correspondente na Historia Social Única Electrónica.

Este novo soporte de traballo fai necesario regular algúns aspectos referidos ao manexo electrónico de información persoal por parte das administracións, institucións, entidades e profesionais implicados na atención social, xa que co uso da Historia Social Única Electrónica non só se poden tratar máis datos persoais, senón que tamén se pode facer posible que os ditos datos sexan máis facilmente accesibles para un número maior de persoas destinatarias, o que fai imprescindible establecer garantías totais de confidencialidade e integridade dos datos. Esta

regulación estableceuse no Decreto 89/2016, do 30 de xuño, que regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica.

Neste contexto, a Consellería de Política Social e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia desenvolven a Historia Social Única Electrónica, que se xestiona mediante o sistema de información denominado HSUE. Este sistema integra toda a información e documentación relevante relativa ao ámbito social xerado nos diferentes niveis de prestación e atención. O HSUE configura un modelo de Historia Social Única Electrónica que garante, de maneira segura, a accesibilidade de toda a información social aos/ás profesionais técnicos/as que desenvolven a súa actividade para o sistema de servizos sociais de Galicia; promove a compartición de información e a transferencia de coñecemento, tanto dentro do ámbito do sistema galego de servizos sociais como con outros sistemas relacionados co benestar como poden ser o sistema público de saúde, o sistema público de educación ou o sistema público de emprego; e busca como obxectivo último optimizar os recursos públicos prestados ás persoas usuarias que son comúns aos diferentes sistemas e que definen os ámbitos sociosanitario, socioeducativo e sociolaboral. Esta compartición de información e transferencia de coñecemento poderá ser extensible a outros sistemas ou áreas que presten servizos ás persoas usuarias dos servizos sociais, sempre que os ditos servizos se consideren dentro do ámbito das políticas sociais, nomeadamente ás áreas de vivenda e de igualdade entre o home e a muller, e estará supeditada aos protocolos de compartición da información que sexan de aplicación e con respecto á normativa aplicable.

IV.- A elaboración da historia social única electrónica de cada persoa, nos aspectos relacionados co seu proceso de intervención, será responsabilidade dos/das profesionais que interveñen no mesmo, e a súa actualización realizarase sempre a través dos módulos do HSUE habilitados para tal fin, segundo recolle o Artigo 6.2 do Decreto 89/2016, do 30 de xuño.

Segundo recolle o Artigo 10 do Decreto 89/2016, do 30 de xuño, os/as profesionais autorizados que, no marco da súa intervención social, necesiten consultar a Historia Social Única Electrónica dunha persoa usuaria están na obriga de utilizar o sistema HSUE como principal ferramenta de traballo. O anterior enténdese sen prexuízo de que determinadas intervencións, servizos, prestacións, polas súas especiais necesidades, utilicen ferramentas informáticas específicas, que deberán estar incluídas no catálogo de aplicacións e sistemas informáticos do sistema galego de servizos sociais e estar integradas co sistema HSUE, desde o cal será posible consultar a información relevante xerada por elas. Todas as consultas ou modificacións sobre a Historia Social Única Electrónica realizadas a través de ferramentas informáticas específicas ás que se refíre o anterior canalizaranse por unha única capa de servizos de interoperabilidade cuxa utilización estará regulada pola norma técnica denominada “Servizos de interoperabilidade do sistema HSUE – definición técnica e manual de integración”.

V.- Segundo se recolle na disposición adicional terceira do Decreto 89/2016, do 30 de xuño, referida a integración da información no sistema HSUE dende outros sistemas de información do sistema galego de servizos sociais, os distintos sistemas de información xa existentes en distintas áreas, entre elas a de Dependencia, Discapacidade, Promoción da Autonomía Persoal, Prestacións, Protección de Menores, Xustiza Xuvenil, Familia, Inclusión, Igualdade e Violencia de Xénero, Servizos Sociais Comunitarios e no Rexistro Unificado de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, integraranse como módulos do sistema de información HSUE, para efectos de compartir a información necesaria básica para conformar a Historia Social Única Electrónica.



Concello de Vigo

VI.- No eido dos servizos sociais comunitarios estase a empregar na maior parte das entidades locais o sistema informático específico denominado SIUSS, aloxado no Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, en virtude de convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o referido Ministerio. Dito sistema foi adaptado pola Xunta de Galicia, xunto co desenvolvemento dos mecanismos técnicos de incorporación de información, co obxecto de permitir a integración deste sistema e da información relevante deste eido en HSUE, a través da migración do sistema dende o aloxamento no Ministerio ao aloxamento na Xunta para implementar de xeito efectivo dita previsión.

VII.- A Xunta de Galicia está a desenvolver o modelo xeral de Administración electrónica na comunidade autónoma de Galicia, como marco das iniciativas de modernización das administracións públicas en todas as súas áreas. Neste marco son de resaltar as iniciativas de Administración electrónica que supoñan o establecemento dun novo modelo de relación entre a Administración, a cidadanía e as empresas, e que dean resposta aos requirimentos establecidos polos plans de actuación e marcos normativos europeos, estatais e autonómicos deste ámbito, e de xeito especial á Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, á Lei 17/2009, do 23 de decembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, á Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior e en xeral á normativa de desenvolvemento xeral ou sectorial da Administración electrónica.

No anterior sentido, na sociedade da información, falar de modernización das administracións públicas implica apelar á súa inmersión tecnolóxica, caracterizada substancialmente polos elementos da colaboración interadministrativa, a interoperabilidade tecnolóxica, semántica, organizativa e xurídica, así como a transferencia de tecnoloxía e coñecemento, dentro do respecto aos principios de autonomía, solidariedade e impulso da cohesión territorial, conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia. En definitiva, significa falar de Administración electrónica.

VIII.- A Xunta de Galicia, dentro da súa planificación estratéxica en materia de modernización e innovación tecnolóxica, ven despregando programas e proxectos tendentes a fomentar a cohesión, cooperación e colaboración intra e interadministrativa en tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), así como a interoperabilidade entre as Administracións galegas.

Deste xeito, a configuración dunha administración común tecnolóxica, sobre a base dun marco galego propio de interoperabilidade, a aplicación do principio de neutralidade tecnolóxica, así como a implementación de estándares abertos e, en xeral, en fomento da administración electrónica, constitúen uns dos eixos estratéxicos do Goberno galego co obxectivo principal de consolidar a cohesión territorial desde a perspectiva tecnolóxica.

IX.- As Entidades locais de Galicia, definidas nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, Entidades Locais), están a acometer importantes investimentos co obxectivo común de lles garantir aos cidadáns o acceso electrónico aos servizos.

Para a implantación dunha auténtica Administración electrónica é precisa a coordinación dos procedementos, plataformas e redes de comunicacións xestionadas polas administracións locais

e autonómica, de xeito que se posibilite a interacción entre todos eles para simplificar o acceso á Administración electrónica, tanto dos funcionarios públicos como dos cidadáns e das empresas.

X.- Entre as competencias que, no referente ás relacións cas Entidades Locais, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscripción de convenios.

XI.- A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional terceira, autorizou a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Esta creación fíxose efectiva a través do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

A Amtega, como axencia pública autonómica, ten por obxecto a definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

XII.- É de interese da Fegamp colaborar, dentro dos seus fins estatutarios, coa Xunta de Galicia na implantación da Historia Social Única Electrónica nas Entidades Locais coa finalidade de mellorar os servizos prestados ao cidadán en base ao modelo xeral de Administración electrónica que inspira o Goberno Galego.

Como consecuencia de todo o exposto, en atención ao obxectivo último de alcanzar unha Administración pública galega coordinada, cohesionada, interrelacionada e interoperable, en definitiva, eficiente e útil de cara a todos os cidadáns, é de interese de todas as partes asinantes aprobar un marco estable de colaboración na materia indicada, a fin de dar cumprimento ás prescricións legais en vigor e ás que poidan derivarse de normativas futuras do nivel autonómico ou estatal.

Así, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para a implantación da Historia Social Única Electrónica nas Entidades Locais de Galicia, en base ás seguintes,

CLÁUSULAS

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto o impulso da posta en funcionamento da Historia Social Única Electrónica nas Entidades Locais da comunidade autónoma de Galicia.

Por conseguinte, este convenio establece ademais os mecanismos adecuados para asegurar a coordinación e intercambio de información entre as partes asinantes.

Segunda. Ámbito de aplicación subxectivo

O presente convenio é de aplicación para a Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia e para toda a Administración local de Galicia, incluíndo as Entidades locais territoriais



Concello de Vigo

e as non territoriais, nos termos establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Terceira. Efectos do convenio e adhesión

O presente convenio constitúe o marco xurídico dentro do cal as Entidades Locais poderán asinar a súa adhesión mediante o modelo que figura como Anexo I ao convenio.

Cuarta.- Financiamento.

A Xunta de Galicia, e as Entidades Locais de Galicia que se adhiran ao convenio asumirán respectivamente, con cargo aos seus propios orzamentos, as accións que se deriven do cumprimento do presente convenio.

Quinta. Modificación do convenio

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade de todas as partes asinantes, e formalizarase mediante a subscrición da correspondente addenda ao presente convenio.

Sexta. Duración do convenio

O presente convenio será efectivo desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2018, sen prexuízo de que se acorde polas partes expresamente a súa prórroga mediante a subscrición dunha addenda con alomenos dous meses de antelación á data de finalización do prazo de vixencia.

Sétima. Resolución do convenio

O presente convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, o incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén, ou por outras causas de invalidez.

Oitava. Seguimento da execución do convenio

1. Para o debido seguimento do convenio, incluída a súa posible revisión, modificación, adecuación ou actualización, prevese a existencia dunha comisión de seguimento. O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.*
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.*
- A coordinación e colaboración na implantación das distintas iniciativas recollidas neste convenio.*
- As propostas de modificación do presente convenio.*

2. A estes efectos, constitúese a Comisión de Seguimento do presente convenio, presidida por un/unha representante da Xunta de Galicia, e integrada por:

- *A persoa titular da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administración Públicas e Xustiza ou persoa na que delegue.*
- *A persoa titular da Consellería da Política Social ou persoa na que delegue.*
- *A persoa titular da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ou persoa na que delegue.*
- *Tres representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias.*

3. A Secretaría da Comisión será desempeñada por un funcionario ou funcionaria designada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

4. Esta comisión reunirse en sesión ordinaria ao menos unha vez ao ano.

5. En sesión extraordinaria reunirse cando o solicite unha das partes con representación na Comisión.

6. Será de aplicación o réxime establecido para os órganos colexiados no capítulo I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Novena. Natureza do convenio e discrepancias

O presente convenio ten natureza administrativa.

En especial, o convenio queda suxeito ao Capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Decima. Consentimento de inclusión de datos

As Entidades locais que se adhiran a este convenio consenten a inclusión dos datos relevantes deste convenio e os seus protocolos de adhesión nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006.

CAPÍTULO SEGUNDO. OBRIGAS DA XUNTA DE GALICIA

Undécima. Disponibilidade dos sistemas

A Xunta de Galicia garantirá o acceso a información contida na plataforma de Historia Social Única Electrónica, e á propia plataforma, aos profesionais das Entidades Locais de Galicia, nos



Concello de Vigo

termos recollidos no Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica.

Dentro da plataforma HSUE, a administración da comunidade autónoma de Galicia proporcionará acceso a ferramenta informática SIUSS, establecendo os mecanismos técnicos que garantan a súa interoperabilidade coa Historia Social Única Electrónica, e potenciando a súa evolución. Así mesmo a Xunta de Galicia facilitará servizos de interoperabilidade co sistema HSUE que permitan a integración en HSUE de ferramentas específicas do eido dos servizos sociais comunitarios distintas de SIUSS, de xeito que se garanta o obxectivo de dispor dunha Historia Social Única Electrónica completa a nivel autonómico, segundo as previsións e prazos temporais recollidos no Decreto 89/2016, do 30 de xuño.

Duodécima. Uso da Historia Social Única Electrónica pola administración autonómica

A Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e o seu persoal, empregarán a información dispoñible no sistema de información de Historia Social Única Electrónica para os fins recollidos no Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica.

CAPÍTULO TERCEIRO. OBRIGAS DAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA

Décimo terceira. Utilización dos servizos

As Entidades Locais de Galicia que asinen a súa adhesión ao presente convenio comprométense a facer un uso axeitado dos servizos electrónicos dispoñibles na plataforma de Historia Social Única Electrónica segundo as previsións do Decreto 89/2016, do 30 de xuño e das normas sectoriais reguladoras de cada un destes.

Así mesmo, as Entidades Locais de Galicia comprométense a impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a utilización da plataforma de Historia Social Única Electrónica, mantendo unha actitude proactiva cara á utilización destes servizos, a través de xornadas de formación, difusión e sensibilización do seu uso e aproveitamento.

Décimo cuarta. Uso da Historia Social Única Electrónica polas Entidades Locais de Galicia

As Entidades Locais de Galicia e o seu persoal empregarán a información dispoñible no sistema de información de Historia Social Única Electrónica para os fines recollidos no Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica.

Décimo quinta. Protección de datos

Para os efectos do establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, as Entidades Locais de Galicia constitúense en encargados do tratamento dende o momento da formalización da súa adhesión, sendo o responsable do ficheiro a Secretaría Xeral Técnica da consellería con competencias en materia de servizos sociais, segundo o especificado no artigo 11 do Decreto 89/2016, do 30 de xuño.

O desempeño deste rol implica:

- Deber de información: a Entidade Local debe informar aos cidadáns de que:*

- o Os datos persoais recabados no marco da intervención social realizada nos servizos sociais comunitarios e xestionados a través do sistema da HSUE se incorporarán ao ficheiro inscrito na AEPD "Historia Social Única Electrónica", do que a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social é responsable do ficheiro.
- o A finalidade do tratamento dos datos, consistente na xestión da Historia Social Única Electrónica, cos usos previstos no Decreto 89/2016, do 30 de xuño.
- o En caso de comunicación dos datos a terceiros, estarase ao regulado no artigo 12 do Decreto 89/2016, do 30 de xuño.
- o Os cidadáns poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, a través da propia entidade local .

Respecto ao exercicio de dereitos, a entidade local actuará a súa vez segundo o especificado no artigo 11.4 - Datos de carácter persoal do Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica.

- *Medidas de seguridade sobre os datos contidos na plataforma: Dado que os equipos, a nivel usuario, empregados nos servizos sociais das Entidades Locais pertencen e se atopan baixo o control das mesmas, estas encargaranse de implantar unha política de seguridade que evite calquera redución na seguridade da información albergada ou transmitida mediante a súa utilización.*

A Entidade Local, e o seu persoal, deben respectar as medidas de seguridade establecidas polo responsable do ficheiro, entre outras as medidas establecidas no Decreto 89/2016, do 30 de xuño e as seguintes a implantar na xestión de datos de carácter persoal de nivel alto, segundo se regula no Título VIII do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal:

- o *Funcións e obrigas do persoal.*
- o *Rexistro de incidencias.*
- o *Control de acceso. É responsabilidade da entidade local a determinación das persoas con acceso á HSUE no eido dos servizos sociais comunitarios da súa competencia e a conservación desa información debidamente documentada segundo o previsto no Decreto 89/2016.*
- o *Identificación e autenticación no que respecta á xestión dos usuarios propios da entidade local.*
- o *Responsable de seguridade.*
- o *Auditoría.*
- o *Control de acceso físico.*
- o *Telecomunicacións .*

O desenvolvemento destas medidas de seguridade reflectirase no Documento de Seguridade co que deberá contar cada Entidade Local.

- *Finalidade do uso: Os encargados do tratamento non poderán empregar ditos datos para outro fin distinto ao establecido no Decreto 89/2016, do 30 de xuño.*



Concello de Vigo

- *Subcontratación do servizo: Para levar a cabo a subcontratación de calquera parte do servizo será necesario solicitar a autorización do responsable do ficheiro.*

En caso de que os encargados do tratamento destinen os datos a outra finalidade, os comuniquen ou os utilicen incumprindo as estipulacións do convenio, serán considerados tamén responsables do tratamento, respondendo das infraccións en que tivesen incorrido persoalmente.

CAPÍTULO CUARTO. OBRIGAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS

Décimo sexta. Obrigas da Federación Galega de Municipios e Provincias

A Federación Galega de Municipios e Provincias trasladará ás Entidades Locais o presente convenio e promoverá a súa adhesión ao mesmo. Neste sentido, a Federación Galega de Municipios e Provincias difundirá entre as entidades locais galegas as características desta actuación, o texto do convenio e o marco de colaboración que del se deriva, así como o procedemento e tramitación precisa para a súa adhesión.

Así mesmo, levará a cabo as labores de intermediación entre as partes cando se lle solicite e estea dentro dos seus fins.

CAPÍTULO QUINTO. OBRIGAS COMÚNS DAS PARTES

Décimo sétima. Intercambio de información

Co obxectivo de facilitar a planificación conxunta e coordinación das actuacións, as partes asinantes comprométense ao intercambio de toda a información precisa no que atinxe á posta en funcionamento da Historia Social Única Electrónica.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio, no lugar e data sinalados ut supra.

ANEXO I

PROTOCOLO DE ADHESIÓN

D./Dona (nome e cargo), en representación de (Entidade Local),

DECLARA:

*Que segundo o disposto no (____artigo relativo competencia representar entidad____), en virtude do acordo adoptado en (____órgano e data no que se acuerda a adhesión____), órgano competente segundo o disposto no (____artigo relativo competencia órgano toma decisión____) **SOLICITA** a adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a implantación da Historia Social Única Electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e, en consecuencia,*

MANIFESTA:

A vontade de (entidade local) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

(Lugar, data e sinatura)

3(1016).- RESOLUCIÓN DA “CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2019”. EXPTE. 16331/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 15/11/19, dáse conta do informe-proposta de data 15/11/19, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Facenda e Orzamentos, que di o seguinte:

O servizo de Emprego considera un dos seus obxectivos principais o fomento do emprego polo que desenvolve, entre outros, o programa de “Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa”, para favorecer o estímulo ao empresariado para a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 11 de abril de 2019, aprobou as bases reguladoras e convocatoria das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa, cunha disposición total de 95.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.00 “Plan de emprego xuvenil” do Estado de Gastos do vixente orzamento do ano 2019 contabilizándose o RC Núm. 201900023600 (achégase copia do informe de intervención). As Bases reguladoras destas axudas foron publicadas no BOP núm. 75 do 17 de abril de 2019 e o Extracto da convocatoria foi publicado no BOP núm. 78 do 24 de abril de 2019 e difundidas mediante unha campaña de publicidade na prensa e na páxina web do Concello de Vigo.

O concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá con data 03/07/2019, conforme ao establecido coa base 4ª, apartado 4.2, resolveu nomear a Comisión de Valoración e Seguimento que preside (achégase copia do documento).

Logo de examinar as solicitudes recibidas no Rexistro Xeral do concello pola comisión de valoración e seguimento das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa, verifícase que cumpren os requisitos contidos nas bases reguladoras e convocatoria e concrétese a contía da axuda a conceder, segundo a base 2ª, apartados a.3. e b.3 Tipos e contías da axuda:

PROGRAMA DE INCENTIVOS PARA A TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS (Programa Indefinidos)

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Nº traballadores	Transformc. contrato	Incremento colectivo		Xornada laboral	Axuda a conceder
							Muller	VVD		
1	16461/77	Pablo Alfonso Salgado Morales	39450098S	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	50%	1.000,00 €



Concello de Vigo

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Nº traballadores	Transformc. contrato	Incremento colectivo		Xornad a laboral	Axuda a conceder
							Muller	VVD		
3	16476/77	Nair Rodríguez Pousa	36165404C	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €
4	16481/77	J. Fumega, SL	B36855682	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €
5	16497/77	José Alberto Piñeiro Fonseca	78737037X	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	50%	1.250,00 €
6	16501/77	ACR Asesores Sdad. Coop. Galega	F36820058	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €
11	16518/77	Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	12	(*)	(*)	(*)	(*)	23.987,50 €
12	16525/77	B&S Max CB	E27787795	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	50%	1.250,00 €
14	16550/77	Hermanos Alfaro, SL	B36621639	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €
15	16553/77	José María Ceballos Herranz	07220137T	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €
17	16568/77	Ingeniería Gallega de Sistemas, SL	B36614105	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €
18	16569/77	Elemental Chefs, SL	B27768837	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €
19	16570/77	Microasis, SL	B36775450	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €
21	16581/77	Arenal Alobas, SL	B27724517	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	75%	1.500,00 €
22	16584/77	Serinte 2C Consultoría Integral,	B36894467	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	50%	1.000,00 €
23	16585/77	Hello Shops, SL	B27829712	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	75%	1.875,00 €
TOTAL										50.362,50€

(*) Desglose da contía a subvencionar a empresa Bosch Service Solutions SAU (expte. 16518/77) segundo a taboa:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Transformc. contrato	Incremento colectivo		Xornad a laboral	Axuda a conceder
							Muller	VVD		
11	16518/77	Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	GPCL	2.000,00 €	500,00€	0,00€	75%	1.875,00 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	DLV	2.000,00 €	500,00€	0,00€	95%	2.375,00 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	AAS	2.000,00 €	00,00€	0,00€	95%	1.900,00 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	CGH	2.000,00 €	500,00€	0,00€	95%	2.375,00 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	YDC	2.000,00 €	00,00€	0,00€	95%	1.900,00 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	NVF	2.000,00 €	500,00€	0,00€	75%	1.875,00 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	SCM	2.000,00 €	500,00€	0,00€	95%	2.375,00 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	BDB	2.000,00 €	00,00€	0,00€	87,5%	1.750,00 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	EOL	2.000,00 €	00,00€	0,00€	75%	1.500,00 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	JRR	2.000,00 €	500,00€	0,00€	87,5%	2.187,50 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	OGL	2.000,00 €	500,00€	0,00€	75%	1.875,00 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	MPG	2.000,00 €	00,00€	0,00€	100%	2.000,00€
Total										23.987,50 €

PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN (Programa Contratacións)

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Nº traballadores	Tipo contrato	Incremento colectivo	Xornada laboral	Axuda a conceder
10	16511/77	Patricia López Colmenero	34988923N	Contratación	1	1.500,00 €	200,00€	100%	1.700,00 €
35	16539/77	Autoescuela Oteva Olívica, SL	B36816502	Contratación	1	1.500,00 €	200,00€	50%	850,00 €
47	16577/77	Montajes Eléctricos de Galicia, SL	B36661023	Contratación	1	3.000,00 €	0,00€	100%	3.000,00 €
TOTAL									5.550,00 €

SOLICITUDES DENEGADAS

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Motivo Denegación
2	16464/77	Taberna Atlántica, SL	B27804814	Contratación	Incumprimento da Base 2. apartados b.1 Beneficiarios e b.2.5 Requisitos: pola inexistencia de oferta previa de emprego.
7	16522/77	Mª Pilar Bueno Somoza	36078436S	Contratación	Incumprimento da Base 2., apartados b.1 Beneficiarios e b.2.5 Requisitos: pola inexistencia de oferta previa de emprego.
8	16508/77	Centro Para Mayores Agarimo SL	B27768332	Indefinidos	Incumprimento da Base 3. Exclusiones e incompatibilidades: o contrato realizouse a un descendente segundo o padrón municipal.
16	16559/77	Tegestiona Hispánica SL	B27865443	Indefinidos	Incumprimento da Base 2 apartado a.1 Beneficiarios:, por ser a duración do contrato inicial inferior a 3 meses
24	16588/77	Gustavo Trezado Espiño	36025999H	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartados a.1 Beneficiarios e a.2.4 Requisitos: a traballadora pola que se solicita a axuda non está empadroada en Vigo.
25	16589/77	ML Formación Programada SL	B27867506	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartados a.1 Beneficiarios e a.2.5 Requisitos: a traballadora pola que se solicita a axuda é maior de 30 anos e non está empadroada en Vigo.

SOLICITANTE QUE DESISTE DA SOLICITUDE PRESENTADA (ao abeiro da base 2ª, apartados a.6 e b.6)

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado
9	16510/77	Haz Creativos y Marketing, SLU	B36898518	Indefinidos

De acordo co establecido na base 4ª, apartado 4.1: “Dado o interese público, económico e social, derivado das particulares circunstancias económicas e sociais do colectivo de persoas traballadoras desempregadas, destinatarias finais destas axudas e ao amparo do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, estas subvencións, en calquera dos seus programas, outorgaranse no réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito presupostario suficiente.”



Concello de Vigo

Segundo a acta da Comisión de Valoración e Seguimento do 25.10.2019 e o acta do 14.11.2019 de rectificación de erro na transcripción de datos na táboa de desglose da contía a outorgar a empresa co número 11 de orde que se achega no expediente, se indican as empresas solicitantes destas axudas que cumpren os requisitos esixidos nas bases reguladoras e convocatoria por un importe de **55.912,50€** con cargo a aplicación orzamentaria 2410.470.00.00 “Plan de emprego xuvenil”, correspondendo 50.362,50€ ao Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (P. Indefinidos) e de 5.550,00€ ao Programa de incentivos á contratación (P. Contratacións).

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da LRBRL.

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18.06.2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por un importe de **55.912,50€** con cargo a aplicación orzamentaria 2410.470.00.00 “Plan de emprego xuvenil”, correspondendo

–50.362,50€ ao Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (P. Indefinidos) concedendo as axudas seguintes:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Nº traballadores	Transformc. contrato	Incremento colectivo		Xornad a laboral	Axuda a conceder
							Muller	VVD		
1	16461/77	Pablo Alfonso Salgado Morales	39450098S	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	50%	1.000,00 €
3	16476/77	Nair Rodríguez Pousa	36165404C	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Nº traballadores	Transformc. contrato	Incremento colectivo		Xornada laboral	Axuda a conceder
							Muller	VVD		
4	16481/77	J. Fumega, SL	B36855682	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €
5	16497/77	José Alberto Piñeiro Fonseca	78737037X	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	50%	1.250,00 €
6	16501/77	ACR Asesores Sdad. Coop. Galega	F36820058	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €
11	16518/77	Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	12	(*)	(*)	(*)	(*)	23.987,50 €
12	16525/77	B&S Max CB	E27787795	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	50%	1.250,00 €
14	16550/77	Hermanos Alfaro, SL	B36621639	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €
15	16553/77	José María Ceballos Herranz	07220137T	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €
17	16568/77	Ingeniería Gallega de Sistemas, SL	B36614105	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €
18	16569/77	Elemental Chefs, SL	B27768837	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €
19	16570/77	Microasis, SL	B36775450	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €
21	16581/77	Arenal Alobas, SL	B27724517	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	75%	1.500,00 €
22	16584/77	Serinte 2C Consutoría Integral,	B36894467	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	50%	1.000,00 €
23	16585/77	Hello Shops, SL	B27829712	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	75%	1.875,00 €
TOTAL										50.362,50€

(*) Desglose da contía da subvención a empresa Bosch Service Solutions SAU (expte. 16518/77) segundo a taboa:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballado r/a	Transformc. contrato	Incremento colectivo		Xornada laboral	Axuda a conceder
							Muller	VVD		
11	16518/77	Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	GPCL	2.000,00 €	500,00€	0,00€	75%	1.875,00 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	DLV	2.000,00 €	500,00€	0,00€	95%	2.375,00 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	AAS	2.000,00 €	00,00€	0,00€	95%	1.900,00 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	CGH	2.000,00 €	500,00€	0,00€	95%	2.375,00 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	YDC	2.000,00 €	00,00€	0,00€	95%	1.900,00 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	NVF	2.000,00 €	500,00€	0,00€	75%	1.875,00 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	SCM	2.000,00 €	500,00€	0,00€	95%	2.375,00 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	BDB	2.000,00 €	00,00€	0,00€	87,5%	1.750,00 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	EOL	2.000,00 €	00,00€	0,00€	75%	1.500,00 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	JRR	2.000,00 €	500,00€	0,00€	87,5%	2.187,50 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	OGL	2.000,00 €	500,00€	0,00€	75%	1.875,00 €
		Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	MPG	2.000,00 €	00,00€	0,00€	100%	2.000,00€
Total										23.987,50 €

-5.550,00€ ao Programa de incentivos á contratación (P. Contratacións) concedendo as axudas seguintes:



Concello de Vigo

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Nº traballadores	Tipo contrato	Incremento colectivo	Xornada laboral	Axuda a conceder
10	16511/77	Patricia López Colmenero	34988923N	Contratación	1	1.500,00 €	200,00€	100%	1.700,00 €
35	16539/77	Autoescuela Oteva Olívica, SL	B36816502	Contratación	1	1.500,00 €	200,00€	50%	850,00 €
47	16577/77	Montajes Eléctricos de Galicia, SL	B36661023	Contratación	1	3.000,00 €	0,00€	100%	3.000,00 €
TOTAL									5.550,00 €

SEGUNDO: Denegar, por non cumprir os requisitos que se indican a continuación, as solicitudes seguintes:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Motivo Denegación
2	16464/77	Taberna Atlántica, SL	B27804814	Contratación	Incumprimento da Base 2. apartados b.1 Beneficiarios e b.2.5 Requisitos: pola inexistencia de oferta previa de emprego.
7	16522/77	Mª Pilar Bueno Somoza	36078436S	Contratación	Incumprimento da Base 2., apartados b.1 Beneficiarios e b.2.5 Requisitos: pola inexistencia de oferta previa de emprego.
8	16508/77	Centro Para Mayores Agarimo SL	B27768332	Indefinidos	Incumprimento da Base 3. Exclusiones e incompatibilidades: o contrato realizouse a un descendente segundo o padrón municipal.
16	16559/77	Tegestiona Hispánica SL	B27865443	Indefinidos	Incumprimento da Base 2 apartado a.1 Beneficiarios:, por ser a duración do contrato inicial inferior a 3 meses
24	16588/77	Gustavo Trezado Espiño	36025999H	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartados a.1 Beneficiarios e a.2.4 Requisitos: a traballadora pola que se solicita a axuda non está empadroada en Vigo.
25	16589/77	ML Formación Programada SL	B27867506	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartados a.1 Beneficiarios e a.2.5 Requisitos: a traballadora pola que se solicita a axuda é maior de 30 anos e non está empadroada en Vigo.

TERCEIRO: Aceptar o desestamento, ao abeiro do disposto na base 2ª, apartados a.6 e b.6. Concesión das axudas e tramitación do pagamento e declarar concluído o procedemento correspondente de conformidade aos artigos 84 e seguintes da LPAC, da solicitude seguinte:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado
9	16510/77	Haz Creativos y Marketing, SLU	B36898518	Indefinidos

CUARTO: Notificar o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015, de LPAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o

primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

QUINTO: Informar, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación do art. 141.1.c) da Lei 40/2015, de LRXSP, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1017).- DAR CONTA DA RENUNCIA PRESENTADA POLA ENTIDADE ASOCIACIÓN VECIÑAL O FREIXO, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO “PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2019”. EXPTE. 9150/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 14/11/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 20 de xuño de 2019 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercicio 2019”.

Á entidade Asociación Veciñal O Freixo, CIF G36654184, expediente 9150-224, foille concedida unha axuda por importe de 564,68 € para a realización do proxecto “Informática básica”.

Con data 8 de novembro de 2019, a entidade Asociación Veciñal O Freixo, presenta escrito renunciando de xeito expreso á subvención concedida (documento núm. 190173856).

Atendendo ao establecido na Base Décimo Cuarta do programa de subvencións, a beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Dar conta da renuncia presentada pola entidade Asociación Veciñal O Freixo, con CIF: G36654184, á subvención concedida pola Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 ao abeiro do *Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do ano 2019*”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

5(1018).- PRÓRROGA DO CONVENIO PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS SOLTOS E ATENCIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA OU REFUXIO DE ANIMAIS DE A MADROA. EXPTE. 12121/306.

Visto o informe de fiscalización do 12/11/19, dáse conta do informe-proposta do 30/10/19, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, a concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable e o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Don Vicente Viso Vega, provisto do DNI 36.033.489-X, actuando en calidade de presidente da Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo, inscrita no Rexistro Administrativo de Asociacións co número 1966/000058-1 (PO), CIF nº G-36.638.955, en virtude das atribucións conferidas no artigo 30.2. dos seus Estatutos, presentou no Rexistro do Concello de Vigo (DOC. nº 190163490), solicitude de prórroga do vixente *“convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo para a recollida de animais soltos e a atención do centro de recollida ou refuxio de animais”*,

Para a resolución da seguinte petición considéranse relevantes os seguintes

I.- ANTECEDENTES/FEITOS

I.1.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 3 de febreiro de 2017, aprobou o “Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais de Vigo para a recollida de animais soltos e a atención do refuxio de animais de A Madroa (expte. 12121/306)”.

I.2.- O convenio formalizouse en documento administrativo en data do 24 de febreiro de 2017 e entrou en vigor o 1 de marzo de 2017.

I.3.- Dito convenio ten por finalidade a prestación dos servizos necesarios por parte da Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo (en adiante, APAPV), para a recollida, albergue, custodia, coidado e alimentación de animais –cans e gatos- abandonados, vagabundos, confiscados ou retirados pola autoridade competente que se alberguen nas instalacións municipais do monte de A Madroa, coidando as instalacións e especialmente os aspectos hixiénico-sanitarios destas, sempre baixo a supervisión dos técnicos municipais e da concellería-delegada competente.

O Concello achega a referida asociación unha cantidade anual de 96.000 euros (noventa e seis mil euros) en virtude do disposto no referido convenio.

I.4.- A cláusula segunda do convenio establece que *“O prazo de vixencia deste convenio será de tres (3) anos, sendo prorrogable polo período máximo de un (1) ano, por acordo expreso do órgano municipal competente para a súa aprobación, trala conformidade da*

APAPV, e ditado cunha antelación mínima de, alomenos, tres meses á data de expiración do convenio. O convenio entrará en vigor o día un de marzo do ano dous mil dezasete”.

O convenio asinou-se en data do 24/02/2017 e entrou en vigor o 1/03/2017, tendo vixencia ata o día 29/02/2020, e existindo a posibilidade da súa prórroga por un ano máis, é dicir, do 1/03/2020 ata o 28/02/2021.

I.5.- A APAPV cumpriu de forma axeitada coas obrigas establecidas no convenio durante o período que levamos de vixencia deste, sen ningún tipo de incumprimentos nin incidencias significativas polo que non se observa impedimento neste sentido para a prórroga do convenio por un ano máis.

O Departamento de Medio Ambiente segue sen dispor de persoal para atender o centro de recollida ou refuxio de animais de a Madroa, nin das demais accións que ven desenvolvendo a APAPV en virtude do vixente convenio, polo que segue sendo preciso a colaboración externa.

II.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

II.1. Competencia municipal na materia obxecto do convenio: xustificación.

A actuación municipal nesta materia viría expresamente amparada polo disposto nos Artigos 2.1 e 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL), en relación co artigo 22 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, o cal establece como obriga municipal a recollida e acollimento dos animais vagabundos e extraviados nos seguintes termos «1.- Os concellos recollerán os animais domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo seu termo municipal e albergaranos en centros de recollida de animais abandonados inscritos no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos ata que sexan retirados polos seus propietarios ou propietarias, sexan acollidos temporalmente ou adoptados, ou ben se lles dea outro destino autorizado segundo os supostos establecidos nesta lei». Asemade, o apartado primeiro do artigo 6 do mesmo texto legal preceptúa que atribúese ás persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación da devandita lei en cadanseu termo municipal.

A formalización desta clase específica de convenios e a prórroga dos mesmos conta co respaldo legal explícito na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, a cal inclúe no Capítulo VI do seu Título Preeliminar (artigos 47 a 53) unha regulación pormenorizada dos convenios, abordando a súa definición, a tipoloxía, os requisitos de validez, o contido mínimo de que deben dispoñer, a duración, a extinción e os efectos da resolución.

Polo que se refire a normativa sectorial aplicable, o artigo 12.1 da entón vixente Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro --de aplicación ao caso que nos ocupa de conformidade co apartado segundo da disposición transitoria cuarta da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia-- facultaba ás administracións locais para concertar convenios de colaboración ou cooperación coas asociacións protectoras de animais, por un período mínimo de tres anos, prorrogables. Neste mesmo senso se regula a materia na vixente Lei 4/2017, a cal



Concello de Vigo

recolle a devandita facultade no artigo 22.2 ao manifestar que « Os concellos poderán prestar o servizo de recollida e acollemento por si mesmos ou asociados, en réxime de xestión directa ou indirecta. Así mesmo, poderán subscribir convenios de colaboración nesta materia con outras administracións públicas e entidades, como as asociacións de protección e defensa dos animais».

II.2.- Prórroga do convenio.

II.2.1.- Con carácter xeral para todos os convenios, o apartado segundo do artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, de carácter básico, recolle a posibilidade legal de prórroga dos mesmos. Dita posibilidade de prórroga tamén se recolle na norma sectorial aplicable -artigo 12 da citada Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro- e na cláusula segunda do convenio que nos ocupa.

II.2.2.- Nos antecedentes deste informe queda xustificado o interese público, conveniencia e oportunidade da prórroga do convenio tendo en consideración a insuficiencia de medios humanos municipais para atender o refuxio e demais accións que ven desenvolvendo a APAPV segundo o convenio, como a correcta xestión que dita asociación ben desenvolvendo no refuxio de animais.

II.2.3.- A prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación ningunha respecto das cláusulas estipuladas no convenio orixinal subscrito o 24 de febreiro de 2017, que non foi obxecto de modificación desde a súa formalización.

II.3.- Antes da súa aprobación polo órgano competente, deberá recabarse e achegarse ó expediente o preceptivo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta do artigo 214 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado pola prórroga.

II.4.- A competencia para aprobar a prórroga deste convenio correspóndelle á Xunta de Goberno Local ao abeiro do establecido no artigo 127 da LRBRL.

III.- Proposta de acordo.

Visto o que antecede e a normativa aplicable propónse á XGL, logo do informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un período dun (1) ano, desde o 01.03.2020 e ata o 28.02.2021, o “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo para a recollida de animais soltos e atención do centro de recollida ou refuxio de animais (expte. 12121/306)”, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 03.02.2017, asinado polas partes o 24.02.2017 e con vixencia dende o 01.03.2017, en virtude dos fundamentos de feito e dereito invocados na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe de 96.000 euros para ano de prórroga do contrato, período 1 de marzo de 2020 ata o 28 de febreiro de 2021, correspondendo 80.000 euros para o ano 2020 e 16.000 euros para o ano 2021; pagadoiros a razón de 8000 euros mensuais, subordinado á existencia do crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 174 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, con cargo á partida orzamentaria 1721.227.99.04 (“*Convenio Sociedade Protectora de animais*”)

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo, informándolle que contra o mesmo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao abeiro do establecido nos artigos 123 e 124 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, consonte ao disposto nos artigos 46-1) e 4) da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa, ou calquera outro que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito.

No caso de interpoñer o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 124-2) da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o dito recurso polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24-1) da Lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ó establecido nos artigos 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

CUARTO.- Dar publicidade ao presente acordo mediante a súa publicación no Portal de Transparencia, nos termos sinalados na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información e Bo Goberno».

Con todo, a XGL decidirá, co seu superior criterio, o que estime procedente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1019).- SUBROGACIÓN POR PARTE DE «FCC MEDIO AMBIENTE, S:A:» NOS DEREITOS E OBRIGAS DERIVADOS DOS CONTRATOS DE LIMPEZA, ADXUDICADOS A «FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.». EXPTE. 7280/252

Visto o informe de fiscalización de data 18/11/19, dáse conta do informe-proposta do 11/11/19, asinado polo xefe do Servizo de Limpeza, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:



Concello de Vigo

1. En data 6 de marzo de 2018 a Xunta de Goberno Local adxudicou, polo procedemento aberto, o contrato de servizos de limpeza pública viaria e recollida e transporte dos residuos domésticos da cidade de Vigo. A contratación destes servizos dividiuse en tres lotes: os lotes 2 —recollida e transporte de residuos domésticos, xestión do punto limpo municipal, a limpeza urbana e de praias do Termo Municipal de Vigo, recollida e transporte dos residuos derivados destas labores de limpeza e mantemento e reposición da maquinaria e vehículos necesarios para a realización destas prestacións— e o lote 3 —mantemento, limpeza e reposición dos colectores para os residuos domésticos reciclables, recollida e transporte dos mesmos; recollida e transporte de roupa usada e aceites vexetais e mantemento e reposición da maquinaria e vehículos necesarios para a realización destas prestacións— foron adxudicados á mercantil FOMENTO DE CONTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.
2. O contrato asinouse o día 31 de marzo de 2018 e a prestación iniciouse o día 1 de abril do mesmo ano, tendo unha duración de dous anos prorrogables por outros dous máis en incrementos anuais.
3. A adxudicataria do contrato, Fomento de Construcciones y Contratas, S.A., con data 4 de setembro de 2019, comunicou a esta Administración municipal a iniciación de un proceso de segregación da rama de actividade dos servizos medioambientais a favor da súa filial FCC Medio Ambiente, S.A. o que determinará a subrogación desta nos dereitos e obrigas da primeira derivados dos contratos arriba referidos, así como aqueles outros concluídos no seu día con este Concello de Vigo, dos que a primeira fora adxudicataria, que se atopan agora pendentes de liquidación. Concretamente a 14ª revisión ordinaria de prezos do contrato de concesión da recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e de praias, asinado o 8 de maio de 2001 (Expte. 7252/252) e a 14ª revisión ordinaria de prezos do contrato de concesión do servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos residuos sólidos urbanos reciclables de Vigo, asinado o 29 de setembro de 2003 (Expte. 7263/252) .
4. Dacordo co artigo 85 TRLCSP/2011, de aplicación ao caso en virtude do disposto na disposición transitoria primeira LCSP/2017, «En los casos de fusión de empresas en los que participe la sociedad contratista, continuará el contrato vigente con la entidad absorbente o con la resultante de la fusión, que quedará subrogada en todos los derechos y obligaciones dimanantes del mismo. Igualmente, en los supuestos de escisión, aportación o transmisión de empresas o ramas de actividad de las mismas, continuará el contrato con la entidad a la que se atribuya el contrato, que quedará subrogada en los derechos y obligaciones dimanantes del mismo, siempre que tenga la solvencia exigida al acordarse la adjudicación o que las diversas sociedades beneficiarias de las mencionadas operaciones y, en caso de subsistir, la sociedad de la que provengan el patrimonio, empresas o ramas segregadas, se responsabilicen solidariamente con aquella de la ejecución del contrato. Si no pudiese producirse la subrogación por no reunir la entidad a la que se atribuya el contrato las condiciones de solvencia necesarias se resolverá el contrato, considerándose a todos los efectos como un supuesto de resolución por culpa del adjudicatario».
5. Con data 9 de outubro de 2019 «FCC Medio Ambiente, S.A.» presentou ante o Concello de Vigo a documentación que figura no expediente, na que xustifica a segregación por parte «Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.» a favor da beneficiaria FCC Medio Ambiente, S.A. da unidade económica na que se comprenden os servizos obxecto dos

contratos adxudicados polo Concello de Vigo á segregada; a capacidade de FCC Medio Ambiente, S.A. para ser adxudicataria dos ditos contratos; a súa solvencia económico financeira e técnica. Achega tamén declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Acreditadas tales circunstancias propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación do Concello de Vigo, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar a subrogación de «FCC Medio Ambiente, S.A.», con CIF A28541639, nos dereitos e obrigas dos que é titular «Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.» en virtude dos contratos referidos na parte expositiva do presente acordo, isto é: lote 2 — recollida e transporte de residuos domésticos, xestión do punto limpo municipal, a limpeza urbana e de praias do Termo Municipal de Vigo, recollida e transporte dos residuos derivados destas labores de limpeza e mantemento e reposición da maquinaria e vehículos necesarios para a realización destas prestacións— e lote 3 —mantemento, limpeza e reposición dos colectores para os residuos domésticos reciclables, recollida e transporte dos mesmos; recollida e transporte de roupa usada e aceites vexetais e mantemento e reposición da maquinaria e vehículos necesarios para a realización destas prestacións—; contraos dos que foi adxudicataria á mercantil «Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.» e, daquela, ter por actual adxudicataria dos mesmos a «FCC Medio Ambiente, S.A.»

SEGUNDO.- Declarar, igualmente, a subrogación de «FCC Medio Ambiente, S.A.», con CIF A28541639, nos dereitos e obrigas dos que é titular «Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.» daqueles outros contratos concluídos, no seu día, con este Concello de Vigo, dos que a segunda fora adxudicataria, que se atopan pendentes de liquidación. Concretamente a 14ª revisión ordinaria de prezos do contrato de concesión da recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e de praias, asinado o 8 de maio de 2001 (Expte. 7252/252), e a 14ª revisión ordinaria de prezos do contrato de concesión do servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos residuos sólidos urbanos reciclables de Vigo, asinado o 29 de setembro de 2003 (Expte. 7263/252).

TERCEIRA.- En tanto non sexa renovada ou substituída a garantía definitiva, constituída a favor da segregada, por unha nova garantía que subscriba a nova entidade, a antiga garantía definitiva conservará a súa vixencia.

CUARTA.- Notifíquese o presente acordo á «FCC Medio Ambiente, S.A.» e a «Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.», con indicación de que a presente resolución é definitiva en vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalas directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquer outro que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen dictar e notificar a resolución do recurso.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1020).- REVISIÓN ORDINARIA DO PREZO DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONTENERIZACIÓN, RECOLLIDA E TRANSPORTE A RECICLADORES AUTORIZADOS DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS RECICLABLES, DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7263/252.

Visto o informe de fiscalización do 7/11/19, dáse conta do informe-proposta de data 6/11/19, asinado polo xefe do Servizo de Limpeza, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

- A entidade mercantil, “Fomento de Construcciones y Contratas, S.A., e Contenur España, S.L., U.T.E. (ley 18/1982 de 26 de maio)” en diante “VIGO RECICLA UTE”, a medio do escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data 11 de setembro do 2019, Doc.: 190139420, como adxudicataria do concurso convocado para a Concesión do Servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos Residuos Sólidos Urbanos reciclables da Cidade de Vigo, **solicitou a décimo cuarta revisión ordinaria do prezo do contrato que terá efectos na anualidade comprendida entre o 1 de outubro de 2017 e o 31 de marzo de 2018.**
- En data 21 de decembro do ano 2002 o Pleno do Concello de Vigo aprobou os Pregos de condicións para o contrato. Abriuse polo tanto o prazo de presentación de ofertas que rematou en marzo do ano 2003.
- En data 1 de agosto do 2003, o Pleno do Concello de Vigo acordou adxudicar o contrato de concesión do Servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos Residuos Sólidos Urbanos reciclables da Cidade de Vigo á mercantil VIGO RECICLA U.T.E.
- En data 29 de setembro do 2003 asinouse o contrato entre a Concesionaria e o Concello de Vigo, iniciándose a prestación do servizo o día 1 de outubro seguinte, rematando este o día 31 de marzo do ano 2017 e por un importe anual de 1.770.331,01 euros (ive 7% engadido) naquel momento.
- En data 5 de setembro do 2005, a Xunta de Goberno Local aprobou a primeira revisión ordinaria do prezo do contrato, por importe de 1.822.702,61€ anuais para o período do 1 de xaneiro do 2005 ao 31 de decembro do mesmo ano.
- En data 12 de xuño do 2007, a Xunta de Goberno Local aprobou a segunda revisión ordinaria do prezo do contrato, por importe de 1.902.094,74€ anuais para o período do 1 de outubro do 2005 ao 30 de setembro do ano 2006.

- En data 4 de decembro do 2009, a XGL aprobou a terceira e cuarta revisións ordinarias do prezo do contrato, cuns coeficientes de revisión $K_{2006}=1,1718$ para o período 1/10/2006 a 30/09/2007, e $K_{2007}=1,230$ para o período 1/10/2007 a 30/09/2008.
- En data 1 de xullo do 2010 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 7% ao 8%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
- En data 23/12/2010 a XGL aprobou a quinta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2008}=1,2414$, e con efectos no período 1 de outubro do 2008 ao 30 de setembro do 2009.
- En data 14/10/2011 a XGL aprobou a sexta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2009}=1,2724$, resultando un prezo total de 2.075.144,03€/ano iva 7% engadido, para o período 1 de outubro do 2009 ao 30 de setembro do 2010 (2.094.537,90€/ano iva 8% engadido).
- En data 27/04/2012 a Xunta de Goberno Local aprobou a renovación de medios materiais e maquinaria adscritos á concesión, cunha inversión de 2.823.217,50 euros. A recuperación do capital invertido e o seu financiamento autorizouse mediante a facturación mensual de cuotas fixas xiradas ao Concello de Vigo a partir do mes seguinte ao da efectiva incorporación dos vehículos.
- En data 1 de setembro do 2012 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 8% ao 10%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
- En data 21/12/2012 a XGL aprobou a sétima revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2010}=1,3315$ para o período 1/10/2010 a 30/09/2011, do que resultou un prezo do contrato de 2.200.165,80€/ano (IVE 10% engadido).
- En data 23 de abril do 2013 asinouse o acta de recepción constatando a efectiva incorporación ao servizo de todos os vehículos renovados, conforme ao disposto por acordo da XGL de 27 de abril do 2012.
- En data 10/10/2014 a XGL acordou aprobar a nova cuota de amortización máis financiamento para a inversión realizada pola empresa na renovación dos medios materiais e maquinaria, con efectos dende o 1 de decembro do ano 2013 e ata o final do contrato (40 mensualidades), por importe de 535.427,53€/ano (sen iva). Este novo importe, modifica o termo da amortización máis o financiamento que se inclúe no cánon anual, pasando a ser de 684.543,90 euros, dos que 535.427,53€ son polos novos medios incorporados e 149.116,37€ polos medios non renovados que se amortizan a 13,5 anos dende o inicio do contrato.
- En data 8/05/2015 a XGL aprobou a oitava revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2011}=1,3904$ para o período 1/10/2011 a 30/09/2012. Desta revisión resultou un prezo actualizado do contrato para o ano 2015 de 2.325.495,01€/ano (IVE 10% engadido).
- En data 9/05/2015 a XGL aprobou a novena revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2012}=1,4278$ para o período 1/10/2012 a 30/09/2013, do que resultou un prezo do contrato de 2.309.077,93 €/ano (IVE 10% engadido).
- En data 20/11/2015 a XGL aprobou a décima revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2013}=1,4318$ para o período 1/10/2013 a 30/09/2014, do



Concello de Vigo

- que resultou un prezo do contrato de 2.372.317,05 €/ano (IVE 10% engadido), incluíndo xa a nova cuota de Amortización máis Financiamento da inversión nos novos vehículos e medios materiais renovados, que foran aprobados por acordo da XGL de 27/04/2012.
- En data 23/09/2016 a XGL aprobou a décimo primeira revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2014}=1,4199$ para o período 1/10/2014 a 30/09/2015, do que resultou un prezo do contrato de 2.358.858,54 €/ano (IVE 10% engadido).
 - En data 23/02/2017 a XGL aprobou a décimo segunda revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2015}=1,4166$ para o período 1/10/2015 a 30/09/2016, do que resultou un prezo do contrato de 2.355.126,35 €/ano (IVE 10% engadido). Esta revisión aprobouse considerando os **índices** publicados para o período **outubro 2015 setembro 2016**.
 - En data 31 de marzo do 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou a **PRORROGA** do contrato. O acordo autorizou unha prórroga de como máximo un ano, no período que media entre o día 1 de abril do 2017 e o 31 de marzo do ano 2018. O prezo do contrato quedou reducido para este período na cota de amortización máis financiamento dos medios materiais empregados dado que estes estaban completamente amortizados na data do inicio da prórroga. O novo prezo anual aprobado para o período de prórroga foi de 1.508.003,27€/ano (ive 10% engadido). Este prezo contempla a actualización aprobada pola Xunta de Goberno Local de 23 de febreiro do 2017 (12ª revisión ordinaria) cos índices publicados para o período outubro 2015 a setembro 2016. Este prezo da prórroga se fai efectivo a partir do día do inicio desta e lle son de aplicación as revisións tanto ordinarias coma extraordinarias que correspondan conforme ao recollido no contrato dado que a prórroga está supeditada ás mesmas condicións do contrato que se prorroga.
 - En data 05/04/2018 a XGL aprobou a décimo terceira revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2016}=1,4470$ para o período 1/10/2016 a 30/09/2017, do que resultou un prezo do contrato de 2.389.507,75 €/ano (IVE 10% engadido) para o período 01/10/2016 a 31/03/2017, e de 1.542.384,67 €/ano (ive 10% engadido) para o período da prórroga.

2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.
- Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexeu o procedemento de contratación.

A posibilidade de revisión de prezos do contrato aparece recollida na cláusula VII do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron o concurso, e que indica o teor literal que a continuación se transcribe:

a) Revisión Ordinaria:

O prezo contractual será obxecto de revisión anual conforme á seguinte fórmula:

$$\text{Prezo actualizado} = [(Po - \text{Amortización}) K + \text{Amortización}] \cdot T$$

Na que:

0. Po = Prezo inicial do contrato IVE excluído.

i. T = Índice multiplicador que recolle o tipo impositivo do IVE aplicable á operación.

ii. K = A (Mt/Mo) + B (Gt/Go) + C (Rt/Ro)

A, B e C son coeficientes ponderados de participación (expresados en centésimas), relativos á incidencia porcentual de cada un dos índices correspondentes ós capítulos de persoal (A), combustibles e lubricantes (B) e outros gastos fixos anuais (C).

O concepto Amortización defínese como o “valor do termo constante da renda inmediata post- pagable necesaria para amortiza-lo capital invertido - obxecto de reversión- en “n” períodos de tempo, o tanto unitario “i”, en base a pagamentos mensuais”.

O tanto unitario “i” será o EURIBOR a un ano (ou inmediato prazo inferior) ou índice que o substitúa o día que se publique o anuncio de licitación no BOE, máis una marxe de 1 punto porcentual ou menor diferencial que poidan ofrece-los licitadores nas súas propostas económicas.

O referido termo representativo da amortización dos investimentos non será obxecto de revisión automática a través da fórmula polinómica; sen embargo si se considerará no prezo do contrato o maior ou menor custo que poida supoñer para o concesionario a renovación do material móbil unha vez transcorrido o seu período de vida útil, así como a corrección que proceda en función do tipo de referencia MIBOR que sexa de aplicación aumentando ou di-



Concello de Vigo

minuíndo a referida cota constante segundo o cadro de amortizacións que para o efecto se elabore.

As diferenzas positivas ou negativas entre ámbalas dúas anualidades dará lugar a unha diminución ou aumento do contrato, que terá o seu devengo o día seguinte da entrada en funcionamento dos novos equipos e repercutirase na facturación do mes inmediato posterior á incorporación dos mesmos.

No cálculo da anualidade de amortización para a renovación dos medios técnicos, terase sempre en conta o valor residual obtido pola concesionaria no alleamento dos equipos, que será descontado do novo prezo de adquisición.

Os coeficientes de ponderación entenderanse sometidos á seguinte restrición: $A+B+C=1$ e deberán ser determinados polos licitadores nas súas propostas económicas.

M_t/M_o = Índice Xeral correspondente ó incremento real dos custos de persoal obtidos segundo as seguintes expresións $M_t/M_o = Cpn(t) / Cpn(o)$ sendo "Cpn" o custe medio real para a categoría de peón-noite, segundo convenio colectivo nos anos "t" de revisión e "o" do ano que rematou o prazo de presentación de proposicións. A variación anual deste índice non poderá ser superior á que experimente o IPC incrementado en 1,5 puntos.

G_t = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano de revisión (t).

G_o = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano da licitación (o) (0,694 €/l).

R_t = Outros gastos, no momento da revisión, calculado por aplicación do IPC nacional correspondente ó mes no que se realiza a revisión.

R_o = outros gastos, no momento da adxudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ó mes no que finalice o prazo de presentación de propostas.

Este sistema de revisión aplicarase ó contrato adxudicado, así como as posibles ampliacións que poidan producirse durante vixencia deste.

A primeira revisión ordinaria de prezos terá lugar cando transcorra un ano do contrato, a partir do mes de xaneiro do ano seguinte ó do inicio do contrato.

Visto o anterior e dado que xa se teñen aprobadas trece revisións ordinarias do prezo do contrato previas a esta solicitude, a última con efectos dende o 1 de outubro do 2016 ao 30 de setembro de 2017, procede neste momento tramitar a decimocuarta revisión ordinaria que conforme ao Prego de Condicións se determina mediante a fórmula:

$$\text{Prezo actualizado} = [(\text{Prezo a orixe} - \text{Amortización}) \cdot K_t + \text{Amortización}] \cdot T$$

$$\text{donde} \quad K_t = A \cdot \frac{M_t}{M_o} + B \cdot \frac{G_t}{G_o} + C \cdot \frac{R_t}{R_o}$$

Os valores dos coeficientes de ponderación fixados polo adxudicatario na súa oferta son:

$$A=0,48; B=0,08; C=0,44$$

3.- DETERMINACIÓN DO COEFICIENTE DE REVISIÓN (Kt)

Para o cálculo do coeficiente de revisión K_t que corresponde neste momento [$K_{2017}=0,48 \cdot (Mt/Mo)+0,08 \cdot (Gt/Go)+0,44 \cdot (Rt/Ro)$], determinaránse en primeiro lugar cada un dos compoñentes dos seus sumandos, do xeito que se expón a continuación:

a) Mt/MO

Tal como indica o prego, este compoñente da fórmula de revisión corresponde ao incremento real dos custos de persoal obtidos segundo a seguinte expresión: $Mt/Mo = Cpn(2003)/Cpn(2017/2018)$, sendo $Cpn(2003)$ o custe de persoal para a categoría peón na quenda de noite no ano en que remata o prazo para presentación de ofertas (marzo do ano 2003), cuxo importe é de 15.829,65 euros, e o Cpn o custe para a mesma categoría no ano de revisión que comprende o período outubro a decembro do 2017 e xaneiro a setembro do 2018. O índice debe calcularse ata setembro do ano 2018 para que sexa coherente e comparable co $Cpn(2003)$, aínda que posteriormente aplicárase unicamente ata o mes de marzo do ano 2018 data na que remata o contrato.

Para a obtención do Cpn no ano de revisión, dado que dito período contén parte do custe dese concepto de dúas anualidades “naturais” diferentes (anos 2017 e 2018), deberase obter un custe medio nese intervalo, este custe medio obterase aplicando ao custe do concepto a revisar, $Cpn(2003)$ ano “orixen”, o incremento acumulado do IPC, dende o ano de adjudicación, ata decembro de 2017 e decembro de 2018 respectivamente, mais 1,5 puntos porcentuais como máximo, obtendo desta forma un custe anual (CPN) para cada un dos anos. Posteriormente, e segundo o número de mensualidades de cada un dos anos que comprende o período de revisión (3 mensualidades do ano 2017 e 9 mensualidades do ano 2018), obterase o custe medio que se utilizará para calcular o incremento producido con respecto ao custe peón no ano de finalización de presentación de ofertas.

O feito de que se aplique o incremento do IPC ata o mes de decembro de cada un dos anos que comprende o período de revisión, obedece a que tal como se recolle no PCA que rexeu a contratación, a comparación entre custes deste concepto Cpn , realízase entre o custe a orixe e o custe do período de revisión, e este custe obtense, tal como se recolle no Convenio colectivo da empresa, por aplicación do IPC “real do ano”, ao custe da anualidade anterior. Como vemos é o “IPC real” do ano en cuestión o que se aplica para obter o custe salarial, e non o IPC das doce mensualidades inmediatamente anteriores, tal como sucede en outros contratos.

Tomando o ano 2003 como custe inicial ($M_0=100,00$), calcúlanse os incrementos:

- Ano de referencia 2003: 100%
- Incremento dec 2003/2004 + 1,5 puntos : 4.7 % incremento acumulado 1,0470
- Incremento dec 2004/2005 + 1,5 puntos: 5,2 % incremento acumulado 1,1014
- Incremento dec 2005/2006 + 1,5 puntos: 4,2% incremento acumulado 1,1477
- Incremento dec 2006/2007 + 1,5 puntos: 5.7 % incremento acumulado 1,2131
- Incremento dec 2007/2008 + 1,5 puntos: 2,9 % incremento acumulado 1,2483
- Incremento dec 2008/2009 + 1,5 puntos: 2,3% incremento acumulado 1,2770
- Incremento dec 2009/2010 + 1,5 puntos: 4,5% incremento acumulado 1,3345
- Incremento dec 2010/2011 + 1,5 puntos: 3,9% incremento acumulado 1,3865



Concello de Vigo

- Incremento dec 2011/2012 + 1,5 puntos: 4,4% incremento acumulado 1,4475
- Incremento dec 2012/2013 + 1,5 puntos: 1,8% incremento acumulado 1,4736
- Incremento dec 2013/2014 + 1,5 puntos: 0,5% incremento acumulado 1,4810
- Incremento dec 2014/2015 + 1,5 puntos: 1,5% incremento acumulado 1,5032
- Incremento dec 2015/2016 + 1,5 puntos: 3,1% incremento acumulado 1,5498
- Incremento dec 2016/2017 + 1,5 puntos: 2,6% incremento acumulado 1,5901
- Incremento dec 2017/2018 + 1,5 puntos: 2,7% incremento acumulado 1,6330

Custe peón noite (convenio) entre outubro- decembro de 2017 (3 meses):

$$15.829,65 \times 1,5901 \cdot 3/12 = 6.292,54 \text{ euros.}$$

Custe peón noite (convenio) xaneiro- setembro 2018 (9 meses):

$$15.829,65 \times 1,6330 \cdot 9/12 = 19.387,30 \text{ euros.}$$

Custe medio peón para o periodo de revisión (outubro 2017/ setembro 2018) sería:

$$Cpn = 6.292,54 + 19.387,30 = 25.679,84 \text{ euros anuais.}$$

Se este custe medio calculado (25.679,84) o dividimos polo custe para a mesma categoría no ano orixen (ano 2003), cuxo importe era de 15.829,65 euros, o compoñente da fórmula $Cpn(2003)/Cpn(2017/2018)$ resulta:

$$Mt/M0 = 1,6223 \quad (25.679,84 / 15.829,65)$$

Procede neste intre realizar unha comprobación para verificar que o custe así calculado é igual ou inferior ao custe real soportado pola concesionaria, dado que o incremento IPC+1,5% é o máximo permitido polo prego, pero o custe real podería ser inferior polo que a revisión debería contemplar tal circunstancia.

O custe actual do peón noite por aplicación dos sucesivos convenios colectivos en vigor ascende a 29.722,91€, o que representa un 87,77% sobre o inicial, mentras que o límite do IPC+1,5 está no 63,30% desde a orixe. Como se aprecia, o incremento revisado é inferior ao soportado pola empresa o que demostra que a subida salarial dos traballadores non é inferior ao límite contractual. Nestas circunstancias é correcto revisar o prezo do contrato polo máximo marxe anual permitido no prego (1,5%), no referente ao incremento dos custes de persoal.

b) Gt/Go

Go corresponde ao incremento do custe medio ponderado do combustible para o ano de licitación (2003), cuxo valor é 0,694€/lit conforme ao prego de condicións, e Gt ao custe medio ponderado do combustible para o ano de revisión (2017/2018).

Obtense este valor do prezo medio mensual do combustible publicado polo Ministerio de Industria de xeito que:

Mes	Precio mes
Outubro 2017	1,1086
Novembro 2017	1,1328
Decembro 2017	1,1383
Xaneiro 2018	1,1618
Febreiro 2018	1,1428
Marzo 2018	1,1370
Abril 2018	1,1679
Maio 2018	1,2119
Xuño 2018	1,2310
Xullo 2018	1,2253
Agosto 2018	1,2291
Setembro 2018	1,2464
MEDIA= 1,1783	

polo tanto o valor do coeficiente resulta:

$$\mathbf{Gt/Go = 1,6979} \quad (1,1783 / 0,694)$$

c) Rt/Ro

Rt nos outros gastos no momento de revisión, calculados por aplicación do IPC nacional correspondente ao mes no que se realiza a revisión, e Ro outros gastos no momento da adxudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ao mes no que finalice o prazo de presentación de proposicións (marzo do 2003).

Da páxina oficial do Instituto Nacional de Estatística obtemos a variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2016 dende Marzo de 2003 ata setembro do 2017, igual a 30,3%

$$\mathbf{Rt/Ro = 1,3030}$$

- **Determinación do coeficiente de revisión (K₂₀₁₇):**

O coeficiente de revisión para a anualidade a revisar (setembro 2017/2018), tendo en conta os valores dos coeficientes de ponderación fixados na oferta do adxudicatario A=0,48; B=0,08; C=0,44, resulta:

$$K_t = A \cdot \frac{M_t}{M_0} + B \cdot \frac{G_t}{G_0} + C \cdot \frac{R_t}{R_0}$$

$$K_{2017} = (0,48 \times 1,6223) + (0,08 \times 1,6979) + (0,44 \times 1,3030) = 1,4878376328$$



Concello de Vigo

Este valor debe aproximarse a cinco cifras significativas como máximo, para que sexa manexable e uniforme á hora de realizar os cálculos da revisión do prezo, xa que por mor dos importes que se manexan, os redondeos inflúen no resultado final. Así:

$$K_{2017} = 1,4878.$$

4.- DETERMINACIÓN DO IMPORTE A DESCONTAR POLO TERMO DA AMORTIZACIÓN MÁIS O FINANCIAMENTO DURANTE A PRÓRROGA DO CONTRATO:

Conforme ao indicado na cláusula IX-2ª do PPAP que rexe o actual contrato e que indica o teor literal que a continuación se transcribe:

“2.- o prazo establecido poderá prorrogarse unicamente ata por un ano máis para o suposto de que a contratación do novo servizo non estivese rematada ao vencemento do presente contrato.

No suposto de que a prórroga se materialice mediante o correspondente acordo do Pleno da Corporación, o prezo do contrato verase automaticamente reducido polo importe equivalente aos custos de amortización da totalidade dos elementos materiais afectos ao contrato por estar estes totalmente recuperados e agotada a súa vida útil. Esta redución comenará a devengarse o primeiro día no que a prórroga ente en vigor.

Así mesmo, deducirase do prezo do contrato o importe correspondente aos gastos xerais e beneficio industrial que proporcionalmente se correspondan co importe das amortizacións.”

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 31/03/2018 acordou prorrogar para o periodo comprendido entre o 01 de abril do ano 2017 ao 31 de marzo do ano 2018, o Contrato de concesión do Servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos Residuos Sólidos Urbanos reciclables da Cidade de Vigo. A prórroga implica a redución do prezo anual do contrato na cantidade que corresponde coa cuota de Amortización máis Financiamento dos medios materiais empregados (tanto instalacións fixas como vehículos e demais elementos), xunto co correspondente importe dos gastos xerais (GG) e do beneficio industrial (BI) que proporcionalmente corresponden con eles.

Na oferta do adxudicatario estableceuse un 7,5% de Gastos Xerais (GG), e un 5% de Beneficio Industrial (BI), polo que :

Importe do A+F a 8 anos (sen IVE):	535.427,53€
Importe do A+F a 13,5 anos (sen IVE):	149.116,37€
Total A+F (sen IVE):	684.543,90€

GG +BI (7,5%+5%=12,5%) do Total A+F	85.567,99€
Total a descontar anualmente (sen IVE):	770.111,89€
Total a descontar anualmente con ive 10% engadido:	847.123,08€

5.- CÁLCULO DA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO:

Consonte co recollido na fundamentación xurídica deste informe, procede unha nova revisión ordinaria do prezo do contrato para o período 1 de outubro do 2017 a 31 de marzo do 2018, calculada coa fórmula polinómica e os coeficientes especificados anteriormente.

Este período corresponde integramente coa prórroga do contrato iniciada o día 1 de abril do ano 2017. Na prórroga do contrato aprobada pola XGL de data 31/03/2017 estableceuse un prezo calculado descontando o termo da amortización máis o financiamento das inversións realizadas pola empresa e xa abonadas polo Concello durante o contrato.

A partir do 1 de decembro do ano 2013, produciuse a incorporación dos medios materiais e maquinaria renovados o que implicou a introducción da nova cuota do termo da amortización máis o financiamento aprobada pola XGL de 10/10/2014: 684.543,90€/ano.

O imposto sobre o valor engadido (IVE) gravou durante o período de revisión o custe do contrato cun 10% de incremento, polo que o novo prezo resulta:

$$\text{Prezo} = [(1.659.318,35 - 631.166,40) \cdot 1,4878 + 684.543,90] \cdot 1,10 = 2.435.651,21\text{€/ano}$$

$$\text{Prezo} = 2.435.651,21 - 847.123,08 = 1.588.528,13\text{€/ano}$$

O que supón unha diferenza de 46.143,46€/ano (3.845,29€ ao mes), co prezo facturado nese período.

6.- CÁLCULO DE ATRASOS

Os atrasos adebedados á empresa concesionaria calcúlanse pola diferenza entre o importe realmente facturado e o importe que lle corresponde polo resultado da actual revisión de prezos, computado nos meses exactos ata o día 31 de marzo do ano 2018 no que remata o contrato.

Neste período a empresa facturou ao concello polo servizo prestado co IVE do 10% engadido a razón de 1.542.384,67€/ano (128.532,06 €/mes) conforme ao prezo aprobado pola XGL de 05/04/2018. Este importe xa non incluía cuota de Amortización máis o Financiamento incrementada cos Gastos Xerais e o Beneficio Industrial tal como quedou dito anteriormente.

Conforme aos cálculos realizados nesta proposta, o prezo que lle correspondía á empresa nese período é de 1.588.528,13 €/ano (132.377,34€/mes), polo que a diferenza para seis meses é de:



Concello de Vigo

$1.588.528,13 - 1.542.384,67 \cdot (6/12) = 23.071,73\text{€}$ (ive 10% engadido)

Polo exposto anteriormente, previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local deste Concello, a adopción do seguinte:

ACORDO

–Aprobar a 14ª revisión ordinaria do prezo do contrato de Concesión do Servizo de contene-rización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos Residuos Sólidos Urbanos reci-clables da Cidade de Vigo, cuxa adxudicataria é a empresa VIGO RECICLA U.T.E., fixando un coeficiente de revisión a partir do día 1 de outubro de 2017 en $K_{2017} = 1,4878$, do que re-sulta un prezo revisado de 1.588.528,13€ (ive 10% engadido) para o periodo 1 de outubro do 2017 ao 31 de marzo do 2018.

–Este importe revisado supón unha diferenza de 46.143,46 €/ano co aprobado anteriormente (3.845,29 €/mes), polo que procede recoñecer á empresa concesionaria, en concepto de atrasos pola diferenza do prezo revisado co prezo realmente facturado ata o día 31 de marzo do 2018, o importe de 23.071,73€, imputando o gasto á partida orzamentaria do servizo de limpeza 1621..2270015 “recollida selectiva do lixo” do vixente orzamento municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1021).- REVISIÓN ORDINARIA DO PREZO DO CONTRATO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, LIMPEZA VIARIA E DE PRAIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7252/252.

Visto o informe de fiscalización do 5/11/19, dáse conta do informe-proposta de data 28/10/19, asinado polo xefe do Servizo de Limpeza, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

- i. A entidade mercantil, “Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.”, a medio do escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data 28 de xuño de 2019, Doc.: 190100108, como adxudicataria do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e limpeza de praias neste Concello, **solicitou a décimo cuarta revisión ordinaria do prezo do contrato que terá efectos na anualidade comprendida entre o 1 de xuño de 2017 e o 31 de marzo de 2018.**
- ii. En data 26 de febreiro do 2001, o Pleno do Concello de Vigo acordou adxudicar o contrato de concesión do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos

dos urbanos, limpeza viaria e de praias do termo municipal de Vigo á mercantil Fomento de Construcciones y Contratas, S.A. en diante FCC.

- iii. En data 8 de maio do 2001 asinouse o contrato entre a Concesionaria e o Concello de Vigo, iniciándose a prestación o día 1 de xuño seguinte, cun prazo contratual de 16 anos e por un importe anual de 13.459.001,06 euros (ive 7% engadido) naquel momento.
- iv. En datas 30/12/2005 e 12/06/2007, a Xunta de Goberno Local aprobou respectivamente a primeira e segunda revisións ordinarias do prezo do contrato, que posteriormente foron corrixidas por acordo do mesmo órgano de data 30/12/2008 no que se aprobou tamén a terceira revisión ordinaria do prezo, resultando uns coeficientes de revisión: $K_{2004}=1,2743$; $K_{2005}=1,340$; e $K_{2006}=1,401$.
- v. En data 7/07/2009 a Xunta de Goberno Local aprobou a renovación de medios materiais e maquinaria adscritos á concesión, cunha inversión de 10.230.000 euros, cuxa cuota de amortización máis financiamento se calcularía para 96 mensualidades (8 anos) a partir do día 1 de abril do 2009, e devengaría a partir do día primeiro do mes seguinte ao da efectiva incorporación dos vehículos.
- vi. En data 4/09/2009 a XGL aprobou a primeira revisión extraordinaria do contrato (ampliación), por un importe de 2.386.704,59 euros/ano (ive 7% engadido) actualizado nese momento co coeficiente de revisión $K_{2006}=1,401$ (o que supón un importe de 1.599.110,99€/ano referido ao ano orixe do contrato).
- vii. En data 4/12/2009 a XGL aprobou a cuarta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2007}=1,4674$ para o período 1/06/2007 a 31/05/2008, do que resultou un prezo do contrato de 19.016.336,73€/ano (non inclúe a ampliación mencionada no punto sexto destes antecedentes).
- viii. En data 30 de xuño do 2010 asinouse o acta de recepción constatando a efectiva incorporación ao servizo de todos os vehículos renovados, de xeito que a partir do día primeiro do mes seguinte (1 de xullo do 2010) procede facturar en consecuencia o novo importe do termo da amortización máis o financiamento da inversión, calculado en 96 mensualidades e aprobado na XGL de 07/07/2009 por importe de 1.580.685€/ano. Este novo importe, modifica o termo da amortización máis o financiamento que se inclúe no cánon anual, pasando a ser este de 1.897.107,75 euros anuais, dos que 1.580.685€ son polos novos medios incorporados e 316.422,75€ polos medios non renovados que se amortizan a 16 anos dende o inicio do contrato.
- ix. En data 1 de xullo do 2010 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 7% ao 8%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
- x. En data 29/12/2010 a XGL aprobou a quinta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2008}=1,5044$, e con efectos no período 1 de xuño do 2008 ao 31 de maio do 2009.
- xi. En data 2/05/2011 a XGL acordou aboar á empresa concesionaria o importe íntegro do concepto de amortización máis financiamento pola renovación de medios materiais correspondente aos meses de abril do 2009 a xuño do 2010 (15 mensualidades), liquidando en consecuencia a débeda xerada por este concepto ata ese intre dado que o acordo da renovación incluía amortizacións dende o mes de abril do



Concello de Vigo

2009. Cabe lembrar que a partir do día 1 de xullo do ano 2010, a empresa facturou xa mensualmente o importe integro da nova amortización.
- xii. En data 23/12/2011 a XGL aprobou a sexta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2009}=1,5435$, resultando un prezo total de 22.670.191,71€/ano iva 7% engadido (22.882.062,67 €/ano, iva 8% engadido), para o período 1 de xuño do 2009 ao 31 de maio do 2010.
 - xiii. En data 16/03/2012 a XGL aprobou a segunda revisión extraordinaria do contrato, cunha ampliación do servizo de limpeza en varias rúas da cidade sen custe para o Concello, e eximindo á concesionaria da obriga da construción do Centro ecolóxico ao que viña obrigada por contrato. O novo prezo foi de 22.824.144,67€/ano (iva 8% engadido) con efectos dende o día 1 de xaneiro dese ano 2012.
 - xiv. En data 1 de setembro do 2012 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 8% ao 10%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
 - xv. En data 27/09/2013 a XGL aprobou a sétima revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2010}=1,6164$ para o período 1/06/2010 a 31/05/2011, do que resultou un prezo do contrato de 24.611.297,02€/ano (IVE 10% engadido).
 - xvi. En data 19/12/2014 a XGL aprobou a oitava revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2011}=1,6889$ para o período 1/06/2011 a 31/05/2012, do que resultou un prezo do contrato de 25.622.483,21€/ano (IVE 10% engadido).
 - xvii. En data 17/04/2015 a XGL aprobou a novena revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2012}=1,7441$ para o período 1/06/2012 a 31/05/2013, do que resultou un prezo do contrato de 26.392.350,80€/ano (IVE 10% engadido). Este importe descomponse en 8.427.077,61€ de custe para o servizo de recollida de residuos, e 17.965.273,19€ para o servizo de limpeza viaria e praias, consonte cos novos programas de gasto deste Concello para o ano 2015.
 - xviii. En data 16/10/2015 a XGL aprobou a décima revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2013}=1,7640$ para o período 1/06/2013 a 31/05/2014, do que resultou un prezo do contrato de 26.669.401,71€/ano (IVE 10% engadido). Este importe descomponse en 8.515.539,96€/ano de custe para o servizo de recollida de residuos, e 18.153.861,74€/ano para o servizo de limpeza viaria e praias, consonte cos novos programas de gasto deste Concello dende o ano 2015.
 - xix. En data 23/09/2016 a XGL aprobou a décimo primeira revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2014}=1,7702$ para o período 1/06/2014 a 31/05/2015, do que resultou un prezo do contrato de 26.756.388,68€/ano (IVE 10% engadido). Este importe descomponse en 8.543.314,91€/ano de custe para o servizo de recollida de residuos, e 18.213.073,77€/ano para o servizo de limpeza viaria e praias, consonte cos novos programas de gasto deste Concello dende o ano 2015.
 - xx. En data 23/02/2017 a XGL aprobou a décimo segunda revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2015}=1,7911$ para o período 1/06/2015 a 31/05/2016, do que resultou un prezo do contrato de 27.048.819,60€/ano (IVE 10% engadido). Este importe descomponse en 8.636.688,10€/ano de custe para o servizo de recollida de residuos, e 18.412.131,50€/ano para o servizo de limpeza viaria e praias, consonte cos novos programas de gasto deste Concello dende o ano 2015.

- xxi. En data 31 de marzo do 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou a **PRORROGA** do contrato. O acordo autorizou unha prórroga de cómo máximo un ano, no período que media entre o día 1 de abril do 2017 e o 31 de marzo do ano 2018. O prezo do contrato quedou reducido para este período na cota de amortización máis financiamento dos medios materiais empregados dado que estes estaban completamente amortizados na data do inicio da prórroga. O novo prezo anual aprobado para o período de prórroga foi de 24.766.053,41€/ano (7.907.800,85€/ano correspondentes ao servizo de recollida de residuos, e 16.858.252,56€/ano para o servizo de limpeza viaria e praias). Este prezo contempla a actualización aprobada pola Xunta de Goberno Local de 23 de febreiro do 2017 (12ª revisión ordinaria) cos índices publicados para o período xuño 2015 a maio 2016. Este prezo da prórroga se fai efectivo entre o inicio desta o día 01/04/2017 e o día 31/05/2017, no que procede unha nova revisión conforme ao recollido no contrato dado que á prórroga lle son de aplicación as mesmas condicións do contrato que se prorroga.
- xxii. En data 12/04/2018 a XGL aprobou a décimo terceira revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2016}=1,8399$ para o período 1/06/2016 a 31/05/2017, do que resultou un prezo actualizado do contrato de 27.729.799,65€/ano para o período 01/06/2016 a 31/03/2017, e un prezo de 25.447.033,46€/ano para o período prorrogado do 01/04/2017 a 31/05/2017 (IVE 10% engadido en ambos casos). Este importe do período da prórroga descomponse en 8.125.237,78€/ano de custe para o servizo de recollida de residuos, e 17.321.795,68€/ano para o servizo de limpeza viaria e praias, consonte cos novos programas de gasto deste Concello vixentes dende o ano 2015. Esta revisión aprobouse considerando os **índices** publicados para o período **xuño 2016 maio 2017**.

2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño.
- Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira.



Concello de Vigo

- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexeu o procedemento de contratación.

A posibilidade de revisión de prezos do contrato aparece recollida na cláusula VII do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron o concurso, e que indica o teor literal que a continuación se transcribe:

a) Revisión Ordinaria:

O prezo contractual será obxecto de revisión anual de acordo a seguinte fórmula:

$$\text{Prezo actualizado} = [(Po - \text{Amortización}) K + \text{Amortización}] T$$

Na que:

- *Po = Prezo inicial do contrato IVE excluído.*
- *T = Índice multiplicador que recolle o tipo impositivo do ive aplicable á operación.*
- *K = coeficiente de revisión calculado mediante a seguinte expresión:*

$$K = A (Mt/Mo) + B (Gt/Go) + C (Rt/Ro)$$

Donde A, B e C son coeficientes ponderados de participación (expresados en centesimas), relativos á incidencia porcentual de cada un dos índices correspondentes ós capítulos de persoal (A), combustibles e lubricantes (B) e outros gastos fixos anuais (C).

O concepto Amortización defínese como o “valor do termo constante da renda inmediata post- pagable necesaria para amortizar o capital invertido - obxecto de reversión- en “n” períodos de tempo, ao tanto unitario i, en base a pagamentos mensuais”.

O referido termo representativo da amortización dos investimentos non será obxecto de revisión automática a través da fórmula polinómica; sen embargo si se considerará no prezo do contrato o maior ou menor custo que poida supoñer para o concesionario a renovación do material móbil unha vez transcorrido o seu período de vida útil, así como a corrección que proceda en función do tipo de referencia MIBOR que sexa de aplicación aumentando ou diminuíndo a referida cota constante segundo o cadro de amortizacións que para o efecto se elabore.

As diferencias positivas ou negativas entre ámbalas dúas anualidades dará lugar a unha diminución ou aumento do contrato, que terá o seu devengo o día seguinte da entrada en funcionamento dos novos equipos e repercutirase na facturación do mes inmediato posterior á incorporación dos mesmos.

No cálculo da anualidade de amortización para a renovación dos medios técnicos, terase sempre en conta o valor residual obtido pola concesionaria no alleamento dos equipos, que será descontado do novo prezo de adquisición.

Os coeficientes de ponderación entenderanse sometidos as seguintes restricións:

$$A+B+C = 1$$

e deben ser determinados polos licitadores nas súas propostas económicas.

M_t/M_o = Índice Xeral correspondente ó incremento real dos custos de persoal obtidos segundo as seguintes expresións $M_t/M_o = Cpn(t) / Cpn(o)$ sendo Cpn o custe medio real para a categoría de peón noite, segundo convenio colectivo nos anos "t" de revisión e "o" do ano que rematou o prazo de presentación de proposicións. A variación anual de este índice non poderá ser superior á que experimente o IPC incrementado en 1,5 puntos.

G_t = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano de revisión (t).

G_o = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano da licitación (o).

R_t = Outros gastos, no momento da revisión, calculado por aplicación do IPC nacional correspondente ó mes no que se realiza a revisión.

R_o = outros gastos, no momento da adxudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ó mes no que finalice o prazo de presentación de propostas.

Este sistema de revisión aplicarase ó contrato adxudicado, así como as posibles ampliacións que poidan producirse durante a vixencia deste.

A primeira revisión ordinaria de prezos terá lugar cando transcorra un ano do contrato e executarase o vinte por cento do contrato. Para estes efectos entenderase o prezo do contrato, como o de adxudicación anual multiplicado polo nº de anos da concesión, de conformidade co previsto nos artigos 103 e 104 do RDL 2/2000.

(,,)

Visto o anterior e dado que xa se teñen aprobadas trece revisións ordinarias do prezo do contrato previas a esta solicitude, a última con efectos dende o 1 de xuño do 2016 ao 31 de maio de 2017, procede neste momento tramitar a décimo cuarta revisión que conforme ao prego de condicións se determina mediante a fórmula:

Prezo actualizado = [(Prezo a orixe – Amortización)· K_t + Amortización] · T

$$\text{donde } K_t = A \cdot \frac{M_t}{M_o} + B \cdot \frac{G_t}{G_o} + C \cdot \frac{R_t}{R_o}$$

Os valores dos coeficientes de ponderación fixados polo adxudicatario na súa oferta son:

$$A=0,88; \quad B=0,05; \quad C=0,07$$

3.- DETERMINACIÓN DO COEFICIENTE DE REVISIÓN (K_t)

Para o cálculo do coeficiente de revisión K_t que corresponde neste momento [$K_{2017}=0,88 \cdot (M_t/M_o) + 0,05 \cdot (G_t/G_o) + 0,07 \cdot (R_t/R_o)$], determinaránse en primeiro lugar cada un dos compoñentes dos seus sumandos, do xeito que se expón a continuación:

a) M_t/M_o

Tal como indica o prego, este compoñente da fórmula de revisión corresponde ao incremento real dos custos de persoal obtidos segundo a seguinte expresión: $M_t/M_o = Cpn(2000)/Cpn(2017/2018)$, sendo $Cpn(2000)$ o custe de persoal para a categoría peón na quenda de



Concello de Vigo

noite no ano en que remata o prazo para presentación de ofertas (novembro do ano 2000), cuxo importe é de 22.768,63 euros, e o Cpn o custe para a mesma categoría no ano de revisión que comprende o período xuño a decembro do 2017 e xaneiro a marzo do 2018.

Para a obtención do Cpn no ano de revisión, dado que dito período contén parte do custe dese concepto de dúas anualidades “naturais” diferentes (anos 2017 e 2018), deberase calcular un custe medio nese intervalo. Este custe medio obterase aplicando ao custe do concepto a revisar, Cpn (2000) ano “orixe”, o incremento acumulado do IPC, dende o ano de adxudicación, ata decembro de 2017 e decembro de 2018 respectivamente, máis 1,5 puntos porcentuais como máximo. Obtense deste xeito un custe anual (CPN_{ano}) para cada un dos anos, que posteriormente, e segundo o número de mensualidades de cada un dos anos que comprende o período de revisión (7 mensualidades do ano 2017 e 3 mensualidades do ano 2018, pero tomanse 5 mensualidades desta anualidade para obter cifras equivalentes de 12 mensualidades en total e que sexan comparables coa orixe), obterase o custe medio que se utilizará para calcular o incremento producido con respecto ao custe peón no ano de finalización de presentación de ofertas “orixe”.

O feito de que se aplique o incremento do IPC ata o mes de decembro de cada un dos anos que comprende o período de revisión, obedece a que tal como se recolle no PCA que rexeu a contratación, a comparación entre custes deste concepto Cpn, realizarase entre o custe a orixe e o custe do período de revisión, e este custe obtense, tal como se recolle no Convenio Colectivo da Empresa, por aplicación do IPC “real do ano”, ao custe da anualidade anterior. Como vemos é o “IPC real” do ano en cuestión o que se aplica para obter o custe salarial, e non o IPC das doce mensualidades inmediatamente anteriores, tal como sucede en outros contratos.

O cálculo efectúase do seguinte xeito:

- Incremento IPC ata decembro de 2001: 10,03% = factor: 1,1003.
- Incremento dec 2001/2002 + 1,5 puntos : 5,5%, incremento acumulado 1,1608.
- Incremento dec 2002/2003 + 1,5 puntos : 4,1% incremento acumulado 1,2084.
- Incremento dec 2003/2004 + 1,5 puntos : 4,7 % incremento acumulado 1,2652.
- Incremento dec 2004/2005 + 1,5 puntos: 5,2 % incremento acumulado 1,3309.
- Incremento dec 2005/2006 + 1,5 puntos: 4,2% incremento acumulado 1,3867.
- Incremento dec 2006/2007 + 1,5 puntos: 5,7 % incremento acumulado 1,4659.
- Incremento dec 2007/2008 + 1,5 puntos: 2,9 % incremento acumulado 1,5084.
- Incremento dec 2008/2009 + 1,5 puntos: 2,3% incremento acumulado 1,5431.
- Incremento dec 2009/2010 + 1,5 puntos: 4,5% incremento acumulado 1,6125.
- Incremento dec 2010/2011 + 1,5 puntos: 3,9% incremento acumulado 1,6754
- Incremento dec 2011/2012 + 1,5 puntos: 4,4% incremento acumulado 1,7492
- Incremento dec 2012/2013 + 1,5 puntos: 1,8% incremento acumulado 1,7807
- Incremento dec 2013/2014 + 1,5 puntos: 0,5% incremento acumulado 1,7896
- Incremento dec 2014/2015 + 1,5 puntos: 1,5% incremento acumulado 1,8164
- Incremento dec 2015/2016 + 1,5 puntos: 3,1% incremento acumulado 1,8727
- Incremento dec 2016/2017 + 1,5 puntos: 2,6% incremento acumulado 1,9214
- Incremento dec 2017/2018 + 1,5 puntos: 2,7% incremento acumulado 1,9733

Custe peón noite (convenio) entre xuño- decembro de 2017 (7 meses):

$$22.768,63 \times 1,9214 \cdot 7/12 = 25.519,91 \text{ euros.}$$

Custe peón noite (convenio) xaneiro- maio 2018 (5 meses para obter cifra equivalente):

$$22.768,63 \times 1,9733 \cdot 5/12 = 18.720,67 \text{ euros.}$$

Custe medio peón (Cpn) para o periodo de revisión (xuño 2017/ maio 2018) sería:

$$25.519,91 + 18.720,67 = 44.240,58 \text{ euros anuais.}$$

Se este custe medio calculado (44.240,58 €) o dividimos polo custe para a mesma categoría no ano orixen (ano 2000), cuxo importe era de 22.768,63 euros, o compoñente da fórmula Cpn (2000)/Cpn (2017/2018) resulta:

$$\mathbf{Mt/M0 = 1,9430} \quad (44.240,58 / 22.768,63)$$

Procede neste intre realizar unha comprobación para verificar que o custe así calculado é igual ou inferior ao custe real soportado pola concesionaria, dado que o incremento IPC+1,5% é o máximo permitido polo prego, pero o custe real podería ser inferior polo que a revisión debería recoller este suposto.

O custe do peón noite para a empresa no ano 2018 ascende a 50.560,59€, o que representa un 122,06% de incremento sobre o inicial, mentras que o límite do IPC+1,5 está no 97,33% desde a orixe. Como se pode apreciar, o incremento revisado é inferior ao soportado pola empresa o que demostra que a subida salarial dos traballadores non é inferior ao límite contractual. Procede polo tanto revisar o prezo do contrato conforme ao máximo da marxe permitida polo PPTP (1,5%) no incremento dos custes de persoal.

b) Gt/Go

Go corresponde ao incremento do custe medio ponderado do combustible para o ano de licitación (2000), cuxo valor é 0,702, e Gt ao custe medio ponderado do combustible para o ano de revisión (2017/2018).

Obtense este valor do prezo medio mensual do combustible publicado polo Ministerio de Industria, de xeito que:

Mes	Precio mes
Junio 2017	1,0535
Julio 2017	1,0518
Agosto 2017	1,0705
Setembro 2017	1,0904
Outubro 2017	1,1086
Novembro 2017	1,1328
Decembro 2017	1,1383
Xaneiro 2018	1,1618
Febrero 2018	1,1428
Marzo 2018	1,1307
Abril 2018	1,1679
Maiο 2018	1,2191

MEDIA= **1,1229**



Concello de Vigo

polo tanto o valor do coeficiente resulta:

$$\mathbf{Gt/Go = 1,5996} \quad (1,1229 / 0,702)$$

c) Rt/Ro

Rt son outros gastos no momento de revisión, calculados por aplicación do IPC nacional correspondente ao mes no que se realiza a revisión (xuño do 2017), e Ro outros gastos no momento da adxudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ao mes no que finalice o prazo de presentación de proposicións (novembro do 2000).

Da páxina oficial do Instituto Nacional de Estatística obtemos a variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2016 dende Novembro de 2000 ata xuño do 2017, igual a 41,10%

$$\mathbf{Rt/Ro = 1,4110.}$$

d) Determinación do coeficiente de revisión (K_{2017}):

O coeficiente de revisión para a anualidade a revisar (xuño 2017 marzo 2018), tendo en conta os valores dos coeficientes de ponderación fixados na oferta do adxudicatario $A=0,88$; $B=0,05$; $C=0,07$, resulta:

$$\mathbf{K_{2017} = (0,88 \times 1,9430) + (0,05 \times 1,5996) + (0,07 \times 1,4110) = 1,888632377.}$$

Este valor debe aproximarse a cinco cifras significativas como máximo, para que sexa manexable e uniforme á hora de realizar os cálculos da revisión do prezo, xa que por mor dos importes que se manexan, os redondeos inflúen no resultado final. Así:

$$\mathbf{K_{2017} = 1,8886.}$$

4.- DETERMINACIÓN DO PREZO A DESCONTAR POLA NON CONSTRUCCIÓN DO CENTRO ECOLÓXICO:

Dado que en data 16 de marzo do 2012, a XGL acordou exonerar á empresa concesionaria da construción do centro ecolóxico, con efectos dende o día 1 de xaneiro dese ano 2012, e devolvendo así mesmo os importes percibidos por este concepto ata ese momento, é preciso descontar do prezo que se calcule pola fórmula de revisión, o importe que corresponde á non construción do centro ecolóxico, pero mantendo os custes de persoal que o acordo non modifica.

Na orixe do contrato, o centro ecolóxico tiña uns custes anuais en execución material de:

b) amortización máis financiamento da inversión:	35.028,31€
c) persoal:	24.775,94€
d) combustibles e lubricantes:	2.392,80€
e) outros gastos fixos anuais.	8,768,84€

Para determinar o prezo a descontar en execución por contrata, debemos eliminar o importe do persoal que non se modifica, aplicarlle os coeficientes de actualización calculados ante-

riormente a cada un dos restantes importes, engadirlle os gastos xerais (6%), o beneficio industrial (2%), e aplicarlle o tipo impositivo do IVE vixente en cada momento.

Deste xeito resulta:

$$Z_t = [35.028,31 + \mathbf{Gt/Go} \cdot 2.392,80 + \mathbf{Rt/Ro} \cdot 8.768,84] \cdot [1+(0,02+0,06)] \cdot T$$

que aplicado ao ano de revisión é:

$$Z_{2017} = [35.028,31 + \mathbf{1,5996} \cdot 2.392,80 + \mathbf{1,4110} \cdot 8.768,84] \cdot [1+(0,02+0,06)] \cdot \mathbf{1,10}$$
$$Z_{2017} = 60.859,58\text{€}$$

5.- CÁLCULO DA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO:

Consonte co recollido na fundamentación xurídica deste informe, procede unha nova revisión ordinaria do prezo para o período 1 de xuño do 2017 a 31 de marzo do 2018, calculada coa fórmula polinómica e os coeficientes especificados anteriormente, e descontando a non construción do centro ecolóxico por quedar eximida a empresa tal como figura nos antecedentes.

Este período de revisión corresponde coa prórroga do contrato aprobada pola Xunta de Goberno Local de 31/03/2017 e iniciada o día 1 de abril do 2017. O acordo estableceu un novo prezo descontando o termo da Amortización máis o Financiamento das inversións realizadas pola empresa e xa abonadas por este Concello durante o contrato. En tal sentido, calcularase agora o importe do prezo co termo A+F para que sexa homoxéneo e comparable coas revisións de prezos anteriores deste contrato, e **no apartado 7 deste informe calacularase o importe a descontar por este concepto.**

A partir do 1 de xullo de 2010, produciuse a incorporación dos medios renovados o que implicou a introducción da nova cuota do termo da Amortización máis o Financiamento: 1.897.107,75€/ano.

O tipo do imposto sobre o valor engadido é do 10% para o período de revisión, polo que o novo prezo será:

$$\text{Prezo} = [(12.578.505,66 - 1.466.456,75) \cdot 1,8886 + 1.897.107,75] \cdot 1,10 = 25.171.655,65\text{€/ano}$$

O prezo a descontar pola non construción do centro ecolóxico resultou:

$$Z_{2017} = 60.859,58\text{€/ano}$$

de xeito que:

$$P_{(1/6/2017 \text{ a } 31/3/2018)} = \text{Prezo} - Z_{2017} = 25.171.655,65 - 60.859,58 = \mathbf{25.110.796,08 \text{ €/ano}} \text{ (ive 10\%)}$$

6.- CALCULO DA REVISION DE PREZOS DA AMPLIACIÓN DO CONTRATO



Concello de Vigo

A efectos de revisión de prezos, deberase ter en conta a ampliación do contrato (revisión extraordinaria) aprobada na XGL de 04/09/2009, por un importe total de 2.386.704,59 euros/ano (IVE 7% engadido), con efectos a partir do 1 de outubro de 2009.

O desglose do importe total da ampliación segundo se desprende do acordo de aprobación foi o seguinte:

d) Custes de explotación:	2.206.152,44 €
e) Amortización:	24.412,61 €
f) IVE (7%):	156.139,55 €

O cálculo de dita ampliación foi efectuado co coeficiente de revisión vixente nese momento que correspondía ao período de revisión: xuño 2006-maio 2007, cun coeficiente: $K_{2006}=1,401$.

Para determinar a revisión que lle corresponde a este importe, calcularemos os custes de explotación a prezos de orixe do contrato e posteriormente aplicaremoslle o coeficiente de revisión proposto para o período de actualización (xuño 2017-maio 2018), que segundo o calculado neste informe é de $K_{2017}=1,8886$.

O prezo revisado da ampliación, dende o 1 de xuño de 2017 ao 31 de marzo de 2018 será o seguinte:

$$P_{amp} = [2.206.152,44 \cdot 1,8886/1,401 + 24.412,61] \cdot 1,10 = 3.298.226,78 \text{ €/ano.}$$

7.- DETERMINACIÓN DO IMPORTE A DESCONTAR POLO TERMO DA AMORTIZACIÓN MÁIS O FINANCIAMENTO DURANTE A PRÓRROGA DO CONTRATO.

Conforme ao indicado na cláusula IX-2ª do PPAP que rexe o actual contrato e que recolle o teor literal que a continuación se transcribe:

“2.- o prazo establecido poderá prorrogarse unicamente ata por un ano máis para o suposto de que a contratación do novo servizo non estivese rematada ao vencemento do presente contrato.

No suposto de que a prórroga se materialice mediante o correspondente acordo do Pleno da Corporación, o prezo do contrato verase automaticamente reducido polo importe equivalente aos custos de amortización da totalidade dos elementos materiais afectos ao contrato por estar estes totalmente recuperados e agotada a súa vida útil. Esta redución comenzará a devengarse o primeiro día no que a prórroga este en vigor.

Así mesmo, deducirase do prezo do contrato o importe correspondente aos gastos xerais e beneficio industrial que proporcionalmente se correspondan co importe das amortizacións.”

a Xunta de Goberno Local en sesión de data 31/03/2017 acordou prorrogar para o período comprendido entre o 01 de abril do ano 2017 ao 31 de marzo do ano 2018, o Contrato de Concesión do Servizo Público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e de praias do termo municipal de Vigo. A prórroga implica a redución do prezo anual do contrato na cantidade que corresponde coa cuota de Amortización máis Financiamento dos medios materiais empregados (tanto instalacións fixas como vehículos e demais ele-

mentos), xunto co correspondente importe dos gastos xerais (GG) e do beneficio industrial (BI) que proporcionalmente corresponden con eles.

Na oferta do adxudicatario estableceuse un 6% de Gastos Xerais (GG), e un 2% de Beneficio Industrial (BI), polo que :

Importe do A+F a 8 anos (sen IVE)	1.580.685,00€
Importe do A+F a 16 anos (sen IVE)	316.422,75€
Importe do A+F da ampliación (sen IVE)	24.412,61€
Total A+F (sen IVE):	1.921.520,36€
GG +BI (6%+2%=8%) do Total A+F	153.721,63€
Total a descontar anualmente (sen IVE):	2.075.241,99€
Total a descontar anualmente con ive 10% engadido:	2.282.766,19€

8.- UNIFICACIÓN DOS IMPORTES E DETERMINACIÓN DO CANON ANUAL.

Á vista do anterior, o canon anual do contrato de recollida de RSU, limpeza urbana e limpeza de praias, no período prorrogado que media entre o día 1 de xuño do 2017 e o 31 de marzo do 2018 determínase polo prezo calculado, incrementado co importe da ampliación e descontándolle o termo da amortización máis o financiamento durante a prórroga:

Canon 25.110.796,08 + 3.298.226,78 = 28.409.022,86 €/ano (ive 10% eng)

canon sen ive:..... 25.826.384,42

importe A+F sen ive 1.921.520,36

GG+BI do A+F (6%+2%=8%)..... 153.721,63

Total a descontar anualmente 2.075.241,99

novo canon sen IVE 23.751.142,43

NOVO CANON REVISADO:..... 26.126.256,67

Consonte cos novos funcionais económicos que operan neste Concello a partir do ano 2015, o canon descomponse en dúas partes correspondentes unha ao servizo de recollida de lixo e outra á limpeza viaria:

- Recollida de lixo, funcional 1621, importe: 8.342.113,75€/ano
- Limpeza viaria, funcional 1630, importe: 17.784.142,92€/ano



Concello de Vigo

Estes importes supoñen unha diferenza con respecto aos vixentes de:

- Canon, importe da diferenza: 679.223,21€/ano (56.601,93€/mes)
- Recollida de lixo, importe da diferenza: 216.875,97€/ano (18.073,00€/mes)
- Limpeza viaria, importe da diferenza: 462.347,24€/ano (38.528,94€/mes)

9.- CÁLCULO DE ATRASOS

Os atrasos adebedados á empresa concesionaria calcúlanse pola diferenza entre o importe realmente facturado e o importe que lle corresponde polo resultado da actual revisión de prezos, computado para todos os meses do período.

Entre xuño do 2017 e marzo do 2018 a empresa facturou ao concello polo servizo prestado co IVE do 10% engadido a razón de 25.447.033,46€/ano (2.120.586,12€/mes) conforme ao prezo aprobado pola XGL de 12/04/2018. Este importe xa engadía o desconto pola non construción do Centro Ecolóxico acordado na XGL de 16/03/2012, e o desconto pola nova cuota de A+F pola renovación de medios xa amortizados.

Conforme aos cálculos realizados nesta proposta, o prezo que lle corresponde á empresa nese período é de 26.126.256,67 €/ano (2.367.418,57€/mes), polo que a diferenza para dez meses é de:

$$(26.126.256,67 - 25.447.033,46) \cdot 10/12 = \mathbf{566.019,34€} \text{ (ive 10\% engadido)}$$

dos que a imputación a cada partida económica é:

- | | | |
|-----------------------|-----------------|----------------------|
| i. Recollida de lixo, | funcional 1621, | importe: 180.729,98€ |
| ii. Limpeza viaria, | funcional 1630, | importe: 385.289,37€ |

Polo exposto anteriormente, previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

- 1.- Aprobar a 14ª revisión ordinaria do prezo do contrato de concesión do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza urbana e de praias do termo municipal de Vigo, cuxa adxudicataria é a empresa Fomento de Construcciones y Contratas, S.A., fixando un coeficiente de revisión a partir do día 1 de xuño de 2017 en $K_{2017} = 1,8886$
- 2.- Aprobar un novo prezo revisado para o contrato de 26.126.256,67€ (ive 10% engadido) para o período 1 de xuño do 2017 a 31 de marzo do 2018. Este importe divídese nos conceptos de recollida de lixo e limpeza viaria cos seguintes importes:
Recollida de lixo, importe: 8.342.113,75€/ano
Limpeza viaria, importe: 17.784.142,92€/ano.
- 3.- Recoñecer á empresa concesionaria, en concepto de atrasos pola diferenza do prezo revisado co prezo realmente facturado entre os meses de xuño do 2017 e marzo do

2018, o importe de 566.019,34€, dos que 180.729,98€ corresponden ao concepto de Recollida de lixo e imputaranse á partida orzamentaria do servizo de limpeza 1621..2270000, e 385.289,37€ corresponden ao concepto de limpeza viaria e imputaranse á partida orzamentaria do servizo de limpeza 1630..2270000, do vixente orzamento municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1022).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN IGUAL ARTE PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTENIMENTO NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES, DIRECTAMENTE RELACIONADAS, NECESARIAS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO. EXPTE. 8732/320.

Visto o informe de fiscalización do 14/11/19, dáse conta do informe-xurídico proposta de data 18/11/19, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá (Resolución do 23/10/19, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 12/03/2019, D^a M^a Cristina Lago Pérez, con DNI 36143539M, en calidade de presidenta da Fundación Igual Arte (CIF: G36427524), achegou escrito (doc.190036486), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2018-2019, a realizar entre o 01/11/2018 e o 30/09/2019.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, D^a M^a Cristina Lago Pérez, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A Fundación Igual Arte, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38^a.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 21/10/2019
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 21/10/2019



Concello de Vigo

- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 21/10/2019
- Certificado do Concello de Vigo, de data 27/08/2019

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (novembro 2018- setembro 2019)	IMPORTE
Persoal de mantemento	8.387,87 €
Calefacción (gasoil)	3.000,00 €
Luz	500,00 €
TOTAL	11.887,87 €

INGRESOS	IMPORTE
Recursos propios	1.887,87 €
Subvención Concello	10.000,00 €
TOTAL	11.887,87 €

8. Contrato de traballo.
9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.
10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
 - a) Fundamentación, obxectivos e metas
 - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
 - c) Lugar de realización

- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Fundación Igual Arte, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 851/03, segundo resolución da Alcaldía de data 05/06/2003.

V. O vixente exercicio presupostario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4890012 “*Convenio Fundación Igual Arte*”, cunha dotación orzamentaria de 10.000,00 €.

VI. En data 23/08/2019 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 22/08/2019 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A Técnica de Admnsitración Xeral, asina memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

IX. Con data 14/11/2019 emítase informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal concluíndo que:

“En todo caso o Servizo Xestor, con carácter previo ao sometemento do expediente ao coñecemento da Xunta de Goberno Local, debe acomodar o prazo máximo de xustificación previsto na cláusula oitava, 31 de outubro de 2019, ás datas actuais”.

De conformidade co solicitado, este servizo de Participación Cidadá, con data 15/11/2019, acomoda o prazo máximo de xustificación ás datas actuais, quedando así enmendada a observación feita polo servizo de intervención.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do convenio e o fomento das actividades programadas pola entidade, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento do seu local social entre o 1 de novembro de 2018 ata o 30 de setembro de 2019, situado na Rúa Palencia 34, necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público e social.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa Fundación Igual Arte.

Segundo recolle o art. 6 dos seus Estatutos, a entidade “Fundación Igual Arte”, ten, en xeral, por obxecto, a promoción, desenvolvemento, protección, participación, fomento de actividades sociais, culturais, educativas, musicais de expresión, danza, teatro, plástica e



Concello de Vigo

arte para todos, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Potenciar o benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Incrementar o sentimento de autoestima e autonomía das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Crear un espazo activo integrador, fomentando actividades lúdico artísticas que melloren o tempo libre e ocio das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Favorecer a capacidade de interrelación descubriendo outras canles de comunicación para estas persoas.
- ✓ Concienciar a sociedade das posibilidades artísticas das persoas con minusvalías.
- ✓ O inicio dunha liña de investigación na que se desenvolvan métodos e adaptacións curriculares para persoas con necesidades educativas especiais.
- ✓ Desenvolver vehículos de comunicación potenciando a interrelación familiar.
- ✓ Implicación da familia na filosofía e proxecto da Fundación.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Fundación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio D^a M^a Cristina Lago Pérez, con DNI 36143539M, en calidade de Presidenta da Fundación Igual Arte (CIF.- G36427524), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 8732/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónse á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.



Concello de Vigo

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de novembro de 2018 e o 30 de setembro de 2019, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4890012 "*Convenio Fundación Igual Arte*", cunha dotación orzamentaria de 10.000,00 €.

A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola "*Fundación Igual Arte*" no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/11/18 e o 30/09/19, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **26 de novembro de 2019**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



Concello de Vigo

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

VIII. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización de data 14/11/2019 da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 10.000,00 € (dez mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890012 denominada “*Convenio Fundación Igual Arte*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2019.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “*Fundación Igual Arte*” (CIF.- G36427524), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e a realizar pola entidade entre o 1 de novembro de 2018 e o 30 de setembro de 2019, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 10.000 € (dez mil euros).

TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN IGUAL ARTE PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES, DIRECTAMENTE RELACIONADAS, NECESARIAS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.



Concello de Vigo

Doutra parte, D^a M^a Cristina Lago Pérez, con DNI 36143539M, en calidade de Presidenta da Fundación Igual Arte (CIF: G36427524), con domicilio social Rúa Palencia, nº 34, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 8732/320.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioeducativas que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación especial, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito da integración (laboral, social, educativa, familiar...) das persoas con discapacidade, sendo a Fundación Igual Arte unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 6 dos seus Estatutos, a entidade “Fundación Igual Arte”, ten, en xeral, por obxecto, a promoción, desenvolvemento, protección, participación, fomento de actividades sociais, culturais, educativas, musicais de expresión, danza, teatro, plástica e arte para todos, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Potenciar o benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.*

- ✓ Incrementar o sentimento de autoestima e autonomía das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Crear un espazo activo integrador, fomentando actividades lúdico artísticas que melloren o tempo libre e ocio das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Favorecer a capacidade de interrelación descubriendo outras canles de comunicación para estas persoas.
- ✓ Concienciar a sociedade das posibilidades artísticas das persoas con minusvalías.
- ✓ O inicio dunha liña de investigación na que se desenvolvan métodos e adaptacións curriculares para persoas con necesidades educativas especiais.
- ✓ Desenvolver vehículos de comunicación potenciando a interrelación familiar.
- ✓ Implicación da familia na filosofía e proxecto da Fundación.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a "Fundación Igual Arte" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 851/03 no epígrafe 2.7.2.

V.- Na vontade de aprofundar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezanove de participación necesarias para que a entidade Fundación Igual Arte leve a cabo os proxectos e actividades socioeducativas planificadas para o 2019, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento, necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4890012, denominada "Convenio Fundación Igual Arte" nominativa a favor da entidade, con unha asignación presupostaria de 10.000,00 €.

VII.- As actividades programadas pola Fundación Igual Arte para o 2019, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

1. Educación musical
2. Teatro
3. Plástica
4. Eventos artísticos (exposicións, concertos...)
5. Celebracións (festa Nadal, entroido, fin de curso)
6. Centro de día

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da fundación, mediante o financiamento dos gastos de mantemento do seu local social, situado na Rúa Palencia, 34, entre os meses de novembro de 2018 a setembro de 2019, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, cuxa contía, segundo orzamento de gastos achegado, é o seguinte:



Concello de Vigo

ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (novembro 2018- setembro 2019)	IMPORTE
<i>Persoal de mantemento</i>	8.387,87 €
<i>Calefacción (gasoil)</i>	3.000,00 €
<i>Luz</i>	500,00 €
TOTAL	11.887,87 €

IX.- Que a entidade Fundación Igual Arte non incorra en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, educativo, asistencial... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Fundación Igual Arte, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito

socioeducativo e lúdico-formativo, dirixidas á potenciar o benestar e a integración de persoas con minusvalías e necesidades especiais, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Fundación Igual Arte comprométese a colaborar coa concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.

6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "Fundación Igual Arte" unha subvención por importe de 10.000 € (dez mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890012, denominada "Convenio Fundación Igual Arte", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos de mantemento do seu local social entre os meses de novembro de 2018 a setembro de 2019, situado na Rúa Palencia 34, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da "Fundación Igual Arte".

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.



Concello de Vigo

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

Quinto.- *A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.*

Sexto.- *A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Sétimo.- *A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre novembro de 2018 ata setembro de 2019.*

Oitavo.- *O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Fundación Igual Arte mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **26 de novembro de 2019**.*

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultan-

do esibible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das

actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datos e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite



Concello de Vigo

que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:
 - Contrato de traballo.
 - Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - Nóminas correspondente aos meses imputados.
 - Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
 - Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e/ou o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras

axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, e de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- *A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola “Fundación Igual Arte” no desenvolvemento das actividades subvencionadas.*

Décimo.- *A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES66 2100 1774 2102 0004 2194 (CaixaBank)*

Décimo primeiro.- *Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.*

Décimo segundo.- *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/11/18 e o 30/09/19.*

Décimo terceiro.- *A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. O/A xefe/a do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas*



Concello de Vigo

circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- *A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo quinto.- *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- *En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.*

Décimo sétimo.- *A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.*

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpg.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as

Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

10(1023).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUEIRO DO LOCAL SOCIAL, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES. EXPTE. 8731/320.

Visto o informe de fiscalización do 14/11/19, dáse conta do informe-xurídico proposta de data 18/11/19, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá (Resolución do 23/10/19, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 09/03/2019, Dona Ana María Argibay Villaverde (DNI: 36027189N), en calidade de presidenta da "Asociación Galega de Amigos del Rocío de Vigo" (CIF: G36820637), achegou escrito (doc.190035088), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades socioculturais programadas pola entidade para o 2019,



Concello de Vigo

entre o 01/11/2018 ata o 30/09/2019, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Ana María Argibay Villaverde, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A "Asociación Gallega Amigos del Rocío de Vigo", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 21/10/2019
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 21/10/2019
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 21/10/19
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 22/08/19

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud de convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable da presidenta da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE ALUGUER E MANTEMENTO (01/11/18-30/09/19)	
Aluguer	3.029,58 €
Xestoria	232,26 €
Copisteria - Ofimática	149,84 €
Correos	90,05 €
Auga	338,25 €

Electricidade	219,72 €
Cursos de música	1.259,00 €
Outros	593,03 €
TOTAL	5.911,73 €

ORZAMENTO DE INGRESOS (01/11/2018 - 30/09/2019)	
Subvención Concello	5.000,00 €
Cuotas Socios	911,73 €
TOTAL	5.911,73 €

8. Contrato de aluguer.

9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil do local social e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a "Asociación Gallega Amigos del Rocío de Vigo", está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 515/97, segundo decreto de Alcaldía de data 08/04/97.

V. O vixente exercicio presupostario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4800001 "*Convenio Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*", cunha dotación orzamentaria de 5.000,00 €.

VI. En data 22/08/2019 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.



Concello de Vigo

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 22/08/2019 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A Técnica de Administración Xeral, asina memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

IX. Con data 14/11/2019 emítase informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal concluíndo que:

“En todo caso o Servizo Xestor, con carácter previo ao sometemento do expediente ao coñecemento da Xunta de Goberno Local, debe acomodar o prazo máximo de xustificación previsto na cláusula novena, 11 de novembro de 2019, ás datas actuais.”

De conformidade co solicitado, este servizo de Participación Cidadá, con data 15/11/2019, acomoda o prazo máximo de xustificación ás datas actuais, quedando así enmendada a observación feita polo servizo de intervención.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á ASOCIACIÓN GALLEGA DE AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO (G-36820637), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende novembro de 2018 ata setembro de 2019.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo”.

A entidade “Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo”, de conformidade cos arts. 2 e 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Humanitarios: axudas a nivel local, nacional e internacional
- ✓ Culturais: conferencias, cursos, excursións, exposicións, festas, concertos do coro, visitas culturais,...
- ✓ Festivais benéficos
- ✓ Relixiosos: misas rocieiras, novenas, excursións ao Rocío...

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio Dona María Argibay Villaverde, con DNI 36027189N, en calidade de Presidenta da "Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo" (CIF: G-36820637), con domicilio social na Rúa Colombia, nº 17- baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 8731/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio "unha Administración unha competencia". Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria Xustificativa do convenio, documento obrigado segundo



Concello de Vigo

sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de novembro de 2018 e o 30 de setembro de 2019, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4800001 "*Convenio Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*", cunha dotación orzamentaria de 5.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.



Concello de Vigo

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/11/18 e o 30/09/19, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **26 de novembro de 2019**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización de data 14/11/2019 da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO



Concello de Vigo

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 5.000,00 € (cinco mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4800001 denominada "Convenio Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo", incluída no vixente orzamento municipal de 2019.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo" (CIF.- G36820637), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de novembro de 2018 e setembro de 2019, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 5.000,00€ (cinco mil euros).

TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES ENTRE O 1 DE NOVEMBRO DE 2018 ATA 30 DE SETEMBRO DE 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a Ana María Argibay Villaverde, con DNI 36027189-N, en calidade de presidenta da Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo (CIF: G-36820637), con domicilio social na Rúa Colombia, nº 17- baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 8731/320.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovelas activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, humanitarias veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto

de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento e apoio humanitario e benéfico, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, sociais, benéficos, educativos, formativos..., sendo a Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

III.- Que a entidade Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo, de conformidade cos arts. 2 e 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Humanitarios: axudas a nivel local, nacional e internacional*
- ✓ Culturais: conferencias, cursos, excursións, exposicións, festas, concertos do coro, visitas culturais,...*
- ✓ Festivais benéficos*
- ✓ Relixiosos: misas rocieiras, novenas, excursións ao Rocío...*



Concello de Vigo

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 08/04/97, a Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 515/97.

V.- Na vontade de aprofundar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo leve a cabo os seus proxectos e actividades planificadas para o ano 2019, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social, situado na Rúa Colombia, 17- baixo realizados entre os meses de novembro de 2018 a setembro de 2019 necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, aprobado polo Pleno Xeral en sesión ordinaria do 26/12/2018, a partida orzamentaria nº 9240.4800001, denominada "Convenio Asociación Gallega Amigos del Rocío de Vigo", nominativa a favor da entidade, cunha asignación presupostaria de 5.000,00 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de aluguer e mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2019, cuxa contía total segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE ALUGUER E MANTEMENTO (01/11/18-30/09/19)	
Aluguer	3.029,58 €
Xestoría	232,26 €
Copisteria - Ofimática	149,84 €
Correos	90,05 €
Auga	338,25 €
Electricidade	219,72 €
Cursos de música	1.259,00 €
Otros	593,03 €
TOTAL	5.911,73 €

VIII.- Que a entidade Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario e sociosanitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- *A entidade Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:*

- 1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
- 2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
- 3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.*
- 6. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*
- 7. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- 8. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.*

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

- 1. Conceder directamente á entidade Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo unha subvención por importe de **5.000,00 €** (cinco mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800001, denominada “Convenio Asociación Gallega Amigos del Rocío de Vigo”, do vixente orzamento municipal (2019), co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, situado na Rúa Colombia, 17 - baixo, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade entre o 01/11/18 e o 30/09/19, en definitiva, para o fomento das mesmas.*
- 2. Respectar a estrutura organizativa da Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo.*



Concello de Vigo

3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. *Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.*

2. *Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.*

3. *Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.*

4. *Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.*

Terceiro.- *En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

Quinto.- *A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.*

Sexto.- *A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42.2.d) e ss. do RD 887/06, neste caso, se exonera á Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo da obriga de constitución de garantías, dado o carácter social do proxecto subvencionado, e a natureza de entidade non lucrativa da beneficiaria.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende o 1/11/2018 ata o 30/09/2019.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa, que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **26 de novembro de 2019**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral

(Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.



Concello de Vigo

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) *Solicitud de abono da subvención asinada electrónicamente.*

b) *Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electrónicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.*
- 2. Datas e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.*
- 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
- 9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.*

c) *Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención

concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- *daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos*
- *en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
- *no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)*
- *de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria*
- *as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención*
- *cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente*
- *as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a*

acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- *non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF*
- *xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención*
- *cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*
- *cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento*

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- *Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*



Concello de Vigo

- *Cando se xustificuen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- *No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*
- *Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executado na súa totalidade con un custe total de.....(importe total do proxecto).*

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- *A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES94 2080 0531 10 3040008569 (ABANCA).*

Décimo primeiro.- *Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

Décimo segundo.- *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/11/18 e o 30/09/19.*

Décimo terceiro.- *A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

Décimo cuarto.- *A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo quinto.- *Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo

da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- *En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.*

Décimo sétimo.- *A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.*

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que*



Concello de Vigo

se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

11(1024).- RECTIFICACIÓN DO EXPTE. 29473/220 "ACTUALIZACIÓN DE DATOS DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN INSERTADOS NO PORTAL DE TRANSPARENCIA: PROPOSTA APROBACIÓN DO DOCUMENTO UNIFICADO DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO". EXPTE 35002/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 13/11/19, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

Segundo informe do Técnico de Organización e Planificación de RR.HH incorporado al expte 34989-220 (tramite 20), a vista da petición de informe respecto a cobertura temporal en comisión de servizos do posto vacante no Servizo de Cemiterios, coa denominación "**Encargado/a Servizo Cemiterios, cód. 196**", comprobouse que na RPT vixente está configurado coas seguintes características:

CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	C.D.	C.E.	COD. RETOR	TP	FP	GR	ESC	CP/SBE/CL	TITULACION ACADEMICA	FORMACION ESPECIFICA	SIT.	OBSERVACIONES
303.00	Encargado/a Servizo Cemiterios	1	18	307	196	S	C	C1	AG	SA	3	-	Vac	

En realidade, o referido posto debe figurar na Escala: Administración Especial, Subescala: Servizos Especiais, Clase: cometidos especiais, forma de provisión: CA.

CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	C. D.	C.E.	COD. RET R	TP	FP	GR	ES C	CP/SBE/CL	TITULACION ACADEMICA	FORMACION ESPECIFICA	SIT.	OBSERVACIONES
303.00	Encargado/a Servicio Cemiterios	1	18	307	196	S	CA	C1	AE	CE	3	-	Vac	

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 27/04/2017 acordou aprobar o documento unificado da relación de postos de traballo municipal para inserción no portal de transparencia (Expte 29473-220) ao ser necesario e urgente a elaboración dun documento actualizado, no que se recollan todas as modificacións puntuais da RPT aprobadas nas diferentes sesións da Xunta de Goberno Local, incorporando asimismo aqueles cambios de adscripción de postos de traballo que se poidan ter efectuado dende o ano 2010,

Detectado erro anterior, segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, do oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, proponse a Xunta de Goberno Local :

Primeiro.- Rectificar ao abeiro do art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común, o erro detectado no Acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/04/2017 (Expte. 29473/220) nos apartados referidos as Escala, Subescala, Clase e forma de provisión debe figurar na Escala: Administración Especial, Subescala: Servizos Especiais, Clase: cometidos especiais, forma de provisión: C.A., mantendo os restantes extremos do acordo indicado.

Deste xeito, onde di:

CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	C. D.	C.E.	COD. RET R	TP	F P	GR	ES C	CP/SBE/CL	TITULACION ACADEMICA	FORMACION ESPECIFICA	SIT.	OBSERVACIONES
303.00	Encargado/a Servicio Cemiterios	1	18	307	196	S	C	C1	AG	SA	3	-	Vac	

Debe dicir:

CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	C. D.	C.E.	COD. RET R	TP	FP	GR	ES C	CP/SBE/CL	TITULACION ACADEMICA	FORMACION ESPECIFICA	SIT.	OBSERVACIONES
303.00	Encargado/a Servicio Cemiterios	1	18	307	196	S	CA	C1	AE	CE	3	-	Vac	



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1025).- PROPOSTA DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO PARA COADJUVAR AO FINANCIAMENTO DA OPÉRA “TOSCA DE PUCCINI” DO OUTONO LÍRICO 2019, QUE TIVO LUGAR O DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2019. EXPTE. 2970/330.

Visto o informe xurídico de data 7/11/19 e o informe de fiscalización do 14/11/19, dáse conta do informe-proposta do 6/11/19, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 13.10.2019, a asociación “AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO” presenta solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, o día 04/11/2019, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de concesión de subvención correspondente para a organización e realización da “OPERA TOSCA DE PUCCINI”, polo importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.22 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A asociación “AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO” é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O programa subvencionado tivo lugar na sede do Teatro Afundación o pasado 21 de setembro do 2019.

A memoria económica que se achega incorpora o orzamento xeral de gastos do programa polo importe total de 61.686 € (sesenta e un mil seiscientos oitenta e seis euros), dos que o Concello de Vigo aporta 10.000 €, o que supón o 16,21 %, e que inclúe todos os gastos que se xeneraron como consecuencia da programación.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIF do administrador solidario
- CIF da empresa
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria

- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención proposta fundamentase no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, ocupación do tempo libre, deporte e turismo , que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

A Concellería-delegada da Área de Cultura ten entre as súas competencias o fomento, promoción e axuda a entidades, institucións e asociacións artísticas e culturais, así como o fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística en xeral, co obxectivo da difusión e extensión da cultura en calquera das súas manifestacións.

Fronte o procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, entendendo como tal aquela na que alomenos a súa dotación presupostaria e beneficiario apareza determinado no estado de gastos do presuposto, de xeito que as condicións e compromisos se determine na resolución de concesión e, no seu caso, nos convenios a través dos cales se canalicen as subvencións e con carácter excepcional, daquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Neste senso no orzamento municipal vixente prevese a concesión dunha subvención nominativa na partida orzamentaria 3340.480.00.22 logo da sinatura do Convenio de Colaboración entre a Diputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para o desenvolvemento da Opera Tosca de Puccini existe consignación presupostaria polo importe de 10.000 euros.

Deste xeito proponse a concesión dunha subvención de 10.000 euros ao concorrer circunstancias de interese público, social e cultural na actividade obxecto de financiamento segundo o disposto no artigo 28.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro.

A subvención que se propón ten carácter singular acreditado na concordancia do programa a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e a marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.



Concello de Vigo

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a “Asociación de Amigos de la Ópera” ten como obxecto financiar o desenvolvemento da “Ópera Tosca” de Puccini que tivo lugar na sede do Teatro Afundación o día 21 de setembro do 2019, figurando na aplicación 3340.480.00.22 do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa polo importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo ao “Asociación de Amigos de la Ópera” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

De xeito excepcional, dado que con carácter previo houbo que redactar, tramitar e asinar un convenio coa Deputación , propónse á Xunta de Goberno Local a ampliación do prazo estipulado nas “Normas de peche do exercicio orzamentario 2019” (expte 125/143), aprobadas na sesión do dito órgano o día 17 de outubro pasado, para a presentación dos xustificantes e rendición de subvencións . Desta forma, neste caso a xustificación da subvencións concedidas ao abeiro do presente expediente deberán ser remitidas para a súa comprobación antes do día 30 de novembro do 2019.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000€ (dez mil euros) á asociación AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO, CIF. G36622116, para o financiamento da organización e realización da “Opera Tosca” de Puccini, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.22, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.-Que se amplíe o prazo estipulado nas “Normas de peche do exercicio orzamentario 2019” (expte 125/143), aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 17 de outubro do 2019, para a presentación dos xustificantes e pago da subvención, de xeito que a documentación xustificativa deberá ser remitidas para a súa comprobación con data límite o 30 de novembro do 2019.

TERCEIRO:As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

–Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Daniel Diz Portela, vicepresidente e director artístico da entidade.

–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprir o programa obxecto da subvención, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

–Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada

–Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

–Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A EMPRESA presenta copia da póliza e do recibo do pagamento

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa subvencionado.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA



Concello de Vigo

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

iii. Solicitude de pagamento da subvención, tendo como límite o 30 de novembro de 2019.

- iv. Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- v. Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 - 16. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 - 17. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 - 18. Memoria de prensa.
 - 19. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 - 20. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2018 e 2019 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto,



Concello de Vigo

quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

A entidade beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando o gasto exceda de 40.000 € por execución de obra ou 15.000 € no caso de subministros ou servizos, máis iva, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do

obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1026).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “RENOVACIÓN DE REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA COUTO SAN HONORATO”- OBRAS DO PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA. EXPTE. 5539/440.



Concello de Vigo

Dáse conta do informe-proposta de data 14/11/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican no apartado III c) da parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- Con data 15 de maio de 2018 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castañón emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na “Substitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque – Ribadavia”; informe á vista do cal o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 15 de maio de 2018, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 31 de maio de 2018, na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de “Substitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque - Ribadavia”.

IV.- Con data 22 de agosto de 2019, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o Proxecto de “renovación da rede de abastecemento na rúa Couto San Honorato”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos D. Francisco Javier Zubía Fernández, que recolle unha actuación que pola súa ubicación e natureza queda comprendida dentro do alcance da encomenda para a “*Sustitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque – Ribadavia*”. Este proxecto ten un presuposto de 52.063,31 Euros, IVE excluído e un prazo de execución de CATRO (4) semanas. O proxecto consta de memoria, planos, prego de prescricións técnicas e orzamento.

V.- Con esa mesma data, a empresa concesionaria presenta os costes asociados correspondentes ao proxecto de referencia (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 2.185,34 euros (IVE excluído), que

foron informados favorablemente en data 12 de setembro de 2019 polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños.

VI.- Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de setembro de 2019 se acordou a A Aprobar o proxecto técnico e os custos asociados para a execución das obras de Renovación da rede de abastecemento na Rúa Couto San Honorato cun presuposto de 52.063,31 Euros, IVE excluído e uns custos asociados de 2.185,34 €, (IVE excluído).

VII.- En data 3 de outubro de 2019, Aqualia-FCC Vigo UTE presenta a documentación referida as características do contrato de obra, requirida no Acordo da Xunta de Goberno de data 8 de marzo de 2013, o que se fai referencia no Expositivo II. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 5.539/440
- Nome e razón social do adxudicatario: Sociedad Española de Aguas Filtradas, S.A.
- NIF: A28223741.
- Presuposto de execución material: 43.750,68 €
- Presuposto de contrata: 52.063,31 € (IVE excluído).
- Prazo de execución: 4 semanas
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: Non se exige.
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: Zubía Ingenieros.
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Proyegal.

De acordo co exposto, propónse á Xunta de Goberno Local:

1.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente “**RENOVACIÓN DE REDE DE ABASTECIMIENTO NA RÚA COUTO SAN HONORATO**”, cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2013, que aproba o procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

14(1027).- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE LICENCIA MUNICIPAL DE TAXI Nº 517. EXPTE. 2607/449.

Dáse conta do informe-proposta de data 18/11/19, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O 1 de xullo de 2019 a través da plataforma Orve, e en resposta á solicitude do servizo de Transportes, entra no rexistro do Concello de Vigo, unha comunicación do Servizo de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda - Xefatura Territorial de Pontevedra, no que se comunica que a autorización VT, da que foi titular D. Juan José Iglesias Martínez, causou baixa de forma definitiva, por non visar dende o **30 de xuño de 2013**. Naquel intre tiña adscrito o vehículo **5864FRN**.



Concello de Vigo

O 16 de xullo de 2019 entra no rexistro Xeral do Concello de Vigo un informe do Servizo de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda - Xefatura Territorial de Pontevedra, no que se comunica que o vehículo **0688KGT** carece de autorización administrativa.

Segundo consta nos datos obrantes neste servizo de Transportes, o vehículo con matrícula **0688KGT** figura adscrita na actualidade á licenza de taxi nº **517**, sendo o seu titular D. JUAN JOSÉ IGLESIAS MARTINEZ.

Na data 12 de agosto de 2019 dítase a seguinte Resolución:

PRIMEIRO.- INICIAR EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE CADUCIDADE da licenza de taxi nº 517, da que e titular D. JUAN JOSÉ IGLESIAS MARTINEZ, por carecer da Tarxeta de Transportes.

SEGUNDO .-CONCEDER trámite de audiencia ó titular da licencia D. JUAN JOSÉ IGLESIAS MARTINEZ, durante un prazo de 10 días, contados a partir do seguinte ó da notificación desta Resolución, a fin de presentar as alegacións que teña por convenientes.

Notifícase a mesma o 4 de setembro de 2019, e D. Juan José Iglesias Martínez presenta o 17 do mesmo mes, en tempo e forma, alegacións na que solicita que por parte do Concello de Vigo se efectúen os trámites necesarios para que se lle conceda novamente a autorización VT.

As citadas alegacións non desvirtúan os motivos que deron lugar á tramitación do expediente de declaración de caducidade, xa que as concesións das autorizacións VT é competencia da Xunta de Galicia, que é quen informou ó Concello de Vigo da baixa da mesma.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Considerando, que de conformidade co artigo 4, punto 3, da Lei 4/2013 de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, as licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi estarán vinculadas e a súa obtención efectuarase mediante o procedemento coordinado de outorgamento regulado no artigo 16 da presente lei.

Considerando que de conformidade co disposto no artigo 5 da Ordenanza Municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo aprobada polo Pleno da Corporación na data 9 de febreiro de 2015 e publicado no BOP de data 11 de marzo de 2015 a prestación do servizo de taxi esta suxeita a previa obtención da licenza municipal de taxi e da autorización interurbana de taxi .

Considerando que o artigo 14 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxis na cidade de Vigo, establece que se declarara a caducidade das licencias, nos casos de incumprimento polo titular das condicións que xustificaron o seu outorgamento, circunstancia que se da no presente caso ó carecer o titular da licenza dun dos títulos que xustificaron o seu outorgamento.

Considerando o disposto no artigo 4 da citada Ordenanza, é competencia da Xunta de Goberno Local o coñecemento e resolución dos expedientes sancionadores que conleven a sanción de declaración de caducidade da licenza municipal ou do permiso municipal de condutor.

Considerando que as alegacións formuladas na data 17 de setembro polo interesado non desvirtúan o contido da Resolución, xa que a autorización VT non é competencia do concello de Vigo, senón da Xunta de Galicia.

Considerando que de conformidade co Decreto de delegación de competencias de data 18 de xuño de 2019 as competencias en materia de taxis corresponden ó Concelleiro Delegado da Area de Fomento e Servizos.

Considerando que de conformidade co disposto no artigo 49 da citada Ordenanza, poderase declarar a **caducidade da licenza municipal** por incumprir as condicións que xustificaron o seu outorgamento.

Polo até aquí exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a **caducidade da licenza municipal de taxi nº 517** da que é titular D. Juan José Iglesias Martínez por carecer de autorización VT o vehículo adscrito á mesma, dende o **30 de xuño de 2013**, conforme o comunicado de 1 de xullo de 2019, do servizo e Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda - Xefatura Territorial de Pontevedra.

SEGUNDO.- Notificar o presente Acordo ó titular D. JUAN JOSÉ IGLESIAS MARTÍNEZ requeríndolle no prazo de 10 días, contados a partir da citada notificación, para que entregue nas oficinas do servizo de Transportes do Concello de Vigo (sitas na pranta 11 do Edificio Administrativo) a licenza municipal, e proceda a retirar todos os distintivos dos que dispoña o vehículo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

15(1028).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO CONTRA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL “XOSÉ NEIRA VILAS” . EXPTE. 15967/331.



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta do 22/11/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Regulamento (CE) nº 213/2008 da Comisión do 28 de novembro de 2007 polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se aproba o vocabulario común para contratos públicos (CPV)), e as Directivas 2004/17 / CE e 2004/18 / CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos para os contratos públicos, con respecto á revisión do CPV.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal “Xosé Neira Vilas” (PCAP).

- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación por procedemento aberto de servizos dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal “Xosé Neira Vilas” (PPT).
- Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil (LEC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 24 de outubro de 2019, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente de contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal “Xosé Neira Vilas”, a autorización do gasto correspondente, e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 30 de outubro de 2019 publicouse o anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante, comezando o prazo para a presentación de ofertas que finalizará o día 27 de novembro de 2019.

Terceiro.- En data 8 de novembro de 2019, a mercantil Serral Organización Y Gestión De Archivos Y Bibliotecas, S.L.U., mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello solicita que se poñan a disposición dos licitadores no perfil de contratante do Concello de Vigo os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas en castelán.

Os pregos en castelán foron subidos ó perfil de contratante os días 12, o de prescricións técnicas, e 19 de novembro o de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- En data 18 de novembro de 2019, Dna. Rosario Serral Montore, en nome e representación de Serral Organización Y Gestión De Archivos Y Bibliotecas, S.L.U., mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia (en adiante TACGAL ou Tribunal), interpón recurso especial en materia de contratación contra o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal “Xosé Neira Vilas”.

Quinto.- En data 21 de novembro de 2019, por resolución da Concelleira delegada de Contratación, ampliouse o prazo de presentación de ofertas, para garantir o cumprimento do prazo de presentación de ofertas dos contratos suxeitos a regulación harmonizada dende o día de publicación dos pregos en castelán.

Sexto.- Interposto o recurso especial, o servizo de Contratación solicitou informe sobre o seu contido ao servizo xestor. Este foi evacuado en data 21 de novembro de 2019.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Concello de Vigo

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal "Xosé Neira Vilas", aprobado por acordo da XGL de 24-10-2019.

-II-

Legislación aplicable

É preciso comezar por determinar a legislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A legislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.

- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscrición dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comezo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos dictados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.



Concello de Vigo

- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, o prego de cláusulas administrativas particulares é un acto susceptible deste recurso.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal os licitadores ostentan lexitimación activa para recurrir.

Por todas podemos citar a Resolución nº 347/2018 do Tribunal Administrativo Central de recursos contractuales, que sintetiza tanto a doutrina xurisprudencial como a administrativa con respecto a lexitimación activa. E aínda que o acto recorrido rexese polo TRLCSP, o certo é que, como cando se ditou a resolución xa estaba vixente a LCSP, apoiase na mesma e a utiliza como criterio interpretativo, o cal xustificase que está recoñecido pola xurisprudencia e cita, a propósito da aplicación de normativa posterior como criterio interpretativo, "Sentencias del Tribunal Supremo, Sala III, de 4 de julio de 2006 –Roj STS

5854/2006-, 29 de noviembre de 2006 –Roj STS 8055/2006- y 4 de octubre de 2016 –Roj STS 4401/2016”. Recogeremos a continuación as liñas principais desta doutrina (fundamento xurídico cuarto):

“De esta nueva regulación respecto de la anterior, este Tribunal extrae dos conclusiones:

- a) Se amplía la legitimación para recurrir, siguiendo con la doctrina establecida por este mismo Tribunal en cuanto a la posibilidad de ampliación de la legitimación del recurso especial en materia de contratación, puesto que en este precepto se consagra ya la posibilidad de que se interponga el recurso especial por quienes se hayan visto perjudicados o puedan resultar afectados, de manera directa o indirecta,*
- b) Se reconoce por primera vez en un texto legal, la legitimación para recurrir por la vía de este recurso especial a las organizaciones sindicales y empresariales, pero solo en los términos contenidos en este precepto.*

Al respecto, conviene recordar que este Tribunal, haciéndose eco de la doctrina del Tribunal Constitucional, contenida en las Sentencias núm. 119/2008, de 13 octubre y número 38/2010, de 19 de junio, ya ha venido avalando en sus Resoluciones un concepto amplio de legitimación.

Así, en nuestras Resoluciones 398/2016, 212/2013, y en anteriores ocasiones (Resolución 221/2012, de 11 de octubre), ya hemos venido señalando que la interpretación de los requisitos de legitimación debe hacerse con amplitud. Como ha señalado el Tribunal Constitucional en su Sentencia 28/2009, de 26 de enero, “el interés legítimo se caracteriza como una relación material unívoca entre el sujeto y el objeto de la pretensión (acto o disposición impugnados), de tal forma que su anulación produzca automáticamente un efecto positivo (beneficio) o negativo (perjuicio) actual o futuro pero cierto, debiendo entenderse tal relación referida a un interés en sentido propio, cualificado y específico, actual y real (no potencial o hipotético). Se trata de la titularidad potencial de una ventaja o de una utilidad jurídica, no necesariamente de contenido patrimonial, por parte de quien ejercita la pretensión, que se materializaría de prosperar ésta (STC 52/2007, de 12 de marzo, F. 3; también, entre otras, SSTC 252/2000, de 30 de octubre, F. 3; 73/2006, de 13 de marzo, F. 4)”.

De igual forma, otros Tribunales Administrativos de Recursos Contractuales también se han hecho eco de esta misma línea interpretativa en el sentido de reconocer una legitimación amplia para interponer el presente recurso especial, ya que, de otra manera, no tendría lugar la necesaria protección de la tutela judicial efectiva en el ámbito de la contratación pública. Así, éste es el caso del Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de la Junta de Andalucía en su Resolución 16/2014, así como en su Resolución 326/2015.

La legitimación se configura por tanto, como un especial vínculo con la finalidad del recurso especial, que resulta necesario acreditar. Sólo en este caso existirá



Concello de Vigo

legitimación activa y permitirá al Tribunal analizar el fondo del asunto, para decidir sobre la legalidad de las distintas actuaciones de un procedimiento de licitación.

Además de todo ello, como argumento fundamental a favor de la admisión del recurso, se encuentra el principio “pro actione”, que en el ámbito subjetivo en el que nos encontramos se traduce en un criterio de “in favor legitimationis”, de manera que, en principio, debe de partirse de la base de que, como norma general, ante la duda, debe ser reconocida legitimación en el recurrente, tendente a admitir el recurso de que se trate.

Partiendo de todo lo anterior, el primer interés que se puede reconocer a quien interpone un recurso de este tipo, se encuentra en resultar adjudicatario del contrato. Pero, si bien esta es la finalidad más común que persiguen quienes utilizan esta vía del recurso especial, no es la única que existe, lo que plantea la cuestión de si caben otros supuestos en los que, admitiendo casos de amplia legitimación, pueda considerarse que no sólo es el interés en la adjudicación del contrato el que motiva la interposición del recurso especial.

Así, se admite la existencia de distintos tipos de legitimación, reconociendo la posibilidad de que no solo pueda ser admitido el recurso interpuesto por quien se encuentra dentro de un procedimiento de licitación, con la intención de resultar adjudicatario, sino también la de quien defiende intereses generales de socios o partícipes, los cuales, lejos del interés en la adjudicación de un contrato, persiguen un interés más amplio que pretende amparar a su colectivo.

Este es el caso de las organizaciones sindicales, solo “cuando de las actuaciones o decisiones recurribles pudiera deducirse fundadamente que estas implican que en el proceso de ejecución del contrato se incumplan por el empresario las obligaciones sociales o laborales respecto de los trabajadores que participen en la realización de la prestación”, según el art. 48 de la nueva Ley, así como el de las organizaciones empresariales, que sean representativas de los intereses afectados.

También se podrían incluir aquí los Colegios Profesionales, a quienes se les ha reconocido legitimación para recurrir incluso en el caso de que no tuvieran ningún interés en la adjudicación del contrato en cuestión. Ejemplo de ello lo encontramos en las Resoluciones dictadas por otros Tribunales administrativos de recursos, como es el caso del Acuerdo del Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de Aragón, número 66/2014, de 10 de noviembre, en el que se establece que: «Conforme a la doctrina ya consolidada por este Tribunal administrativo en relación a la legitimación activa en los supuestos de interesados que representan intereses colectivos —entre otros, Acuerdo 45/2013, de 2 de septiembre, en relación al Colegio Oficial de Arquitectos de Madrid; Acuerdo 34/2014, de 20 de junio, relativo a la Asociación Plataforma de EmpresariosHosteleros de Aragón; Acuerdo 52/2014, de 11 de septiembre, frente a recurso interpuesto por el Colegio de Ingenieros de Montes; y Acuerdo 58/2014, de 1 de octubre, en relación al Colegio Oficial de Arquitectos de Aragón—, se otorga legitimación a los Colegios Profesionales, para interponer recurso especial, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 42 TRLCSP, que permite recurrir a quienes tengan un interés legítimo distinto al de obtener la adjudicación. El interés que debe presidir el recurso, además de la

defensa genérica de la legalidad, es el de la defensa de los intereses de los asociados a través de la recurrente, de conformidad con sus Estatutos».

Si bien, incluso en estos casos de reconocimiento de legitimación amplia, siempre resulta necesario acreditar el beneficio de índole material o jurídica, o la evitación de un perjuicio, afectado por la resolución del recurso, acordando el Tribunal la inadmisión del mismo, en caso contrario.

Es decir, lo relevante a efectos de que exista esta legitimación es que exista un interés directo o indirecto con el resultado del recurso especial, de manera que la actuación impugnada pueda repercutir de manera clara y suficiente en la esfera jurídica de quien acude al proceso y no simplemente de forma hipotética o previsible. Como caso especial, cuando se trate de legitimación colectiva, además de lo anterior, será necesario que la defensa de ese colectivo se encuentre dentro de las competencias de quien interpone el recurso.

(...) A diferencia de ello, cuando el objeto del recurso especial es el acto puntual de adjudicación de ese contrato, lo que no conlleva ni afecta a ese interés general que se entiende implícito en el recurso contra el pliego, sino solo al interés particular de la misma recurrente, entonces debe aplicarse un criterio más restrictivo de legitimación activa, justificado por el hecho de que ha de prevalecer la validez de ese contrato y la adjudicación ya efectuada, máxime cuando ese recurso se interponga por una entidad que no puede resultar adjudicataria de ese contrato, según los cálculos hechos por el órgano de contratación, en el mejor de los casos de incluir en su valoración a efectos de esa adjudicación todo lo alegado por la recurrente. Pero en casos en que, como el presente, la impugnación de la adjudicación se basa en que la oferta de la adjudicataria no se ajusta a los pliegos, esto conlleva un análisis del contenido de ese pliego, que como disposición rectora de ese contrato, es necesario entrar a conocer, lo que conlleva el necesario reconocimiento implícito de legitimación de la recurrente”.

Ó fío da doutrina exposta resulta claro que o recorrente, empresa cun obxecto social que abarca o obxecto deste contrato, ten lexitimación activa.

C) Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O escrito de interposición do recurso deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.



Concello de Vigo

- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recurra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
- b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

Os pregos e o resto da documentación contractual publicáronse no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante do Concello de Vigo o 30 de outubro de 2019. A presentación do escrito de recurso en data 18 de novembro de 2019 prodúcese dentro do prazo de quince días hábiles para a interposición do mesmo.

Podemos concluir, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do presente recurso especial.

-V-

Motivos de impugnación dos pregos de cláusulas administrativas particulares

Os motivos de impugnación alegados polo recorrente poden resumirse en dous:

1. A falta de publicación dos pregos que rexen a licitación en castelán.
2. O erro na cualificación xurídica do contrato no PCAP.

Analizaremos a continuación cada un deles.

1.- A falta de publicación dos pregos que rexen a licitación en castelán

SERRAL, no escrito de recurso, tras a relación fáctica, enumera nos fundamentos xurídicos un a sétimo diversas vulneracións de principios contractuais, orixinadas pola publicación no perfil de contratante dos pregos que rexen esta licitación en galego unicamente. Efectivamente, tal e como sinala o recorrente, a falta de publicación dos pregos en castelán, que é a única das linguas oficiais do estado español que é idioma oficial da UE supón a vulneración do artigo 51.3 da DIRECTIVA 2014/24/UE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO, sobre contratación pública, que dí que *“Los anuncios contemplados en los artículos 48, 49 y 50 se publicarán en toda su extensión en la lengua o lenguas oficiales de las instituciones de la Unión que elija el poder adjudicador”*.

A falta de posta a disposición dos pregos en castelán produce un prexuízo ó recorrente e conculca o principio de igualdade dos licitadores. Posto de manifesto este erro, esta Administración procedeu á publicación dos pregos en castelán e unha vez publicados acordouse ampliar o prazo os días necesarios para garantir o cumprimento dos prazos de presentación de ofertas nos procedementos harmonizados de servizos que é de 30 días. Así, a concelleira Delegada de Contratación o 21 de novembro de 2019, resolve:

“1º.- Ampliar o prazo de presentación de ofertas no procedemento aberto para prestación dos servizos bibliotecarios complementarios para o funcionamento da Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas” en vinte e un días naturais.

2º.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”.

En consecuencia, procede propoñer ó Tribunal a desestimación deste motivo por perda sobrevenida do obxecto do recurso, por analoxía co previsto no artigo 22 da LEC, que determina que *“1. Cuando, por circunstancias sobrevenidas a la demanda y a la reconvencción, dejare de haber interés legítimo en obtener la tutela judicial pretendida, porque se hayan satisfecho, fuera del proceso, las pretensiones del actor y, en su caso, del demandado reconviniente o por cualquier otra causa, se pondrá de manifiesto esta circunstancia y, si hubiere acuerdo de las partes, se decretará por el Letrado de la Administración de Justicia la terminación del proceso, sin que proceda condena en costas”*.

2.- O erro na cualificación xurídica do contrato no PCAP



Concello de Vigo

O PCAP, na súa cláusula 2 cualifica o presente contrato como de servizos, consonte á definición do artigo 17 da LCSP. O mesmo ten por obxecto, tal e como detalla o apartado 2.A da FEC “A prestación de servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas”, incluíndo, entre outros, servizos de actividades de extensión cultural e bibliotecaria, de difusión e comunicación, de subscricións periódicas, de ampliación de fondos bibliográficos tanto en soporte papel como dixital e de mantemento xeral dos equipos técnicos necesarios para o seu funcionamento”.

Entre as prestacións que engloba, o PPT regula as seguintes:

“3.5. ADQUISICIÓN DE FONDOS BIBLIOGRÁFICOS, AUDIOVISUAIS E SUBSCRICIÓN

Ademais dos puntos anteriores, a empresa adxudicataria terá as seguintes obrigas en relación coa adquisición de novos fondos:

Adquirir anualmente fondos bibliográficos, hemerográficos, audiovisuais, electrónicos, informáticos etc., por un importe mínimo de 27.000 € anuais, ou en todo caso polo importe ofertado polo adxudicatario na súa oferta económica.

Seleccionar os fondos en relación coa partida anterior, para ampliación ou actualización. Elaborar proposta anual de adquisición, antes do 30 de novembro do ano anterior, para a conformidade previa da Área de Cultura do Concello de Vigo.

Facilitar o acceso en liña e permanente por parte do Concello ao detalle dos fondos adquiridos, características de detalle e custo destes. así como calquera outra incidencia que se puidese producir no seu desenvolvemento. Dita información será considerada como documento público a efectos do cómputo anual do custo das actividades efectivamente realizadas e a súa adecuación á cantidade ofertada polo adxudicatario para este fin.

3.6. SUBSTITUCIÓN DE MATERIAL INFORMÁTICO

A empresa adxudicataria deberá substituír, de selo caso, aqueles equipos descritos no anexo II do presente PPT que sexa necesario por avaría ou mal funcionamento durante todo o periodo de execución do contrato, previa comunicación e conformidade da Área de Cultura do Concello de Vigo”.

En opinión do recorrente, ambas prestacións son propias do contrato de subministración, polo que considera que as mesmas deberían ser obxecto dun contrato independente por ter entidade suficiente ou, a lo menos, o contrato que nos ocupa debeu ser cualificado como mixto por incluílas.

Sobre estes extremos se pronuncia o informe técnico do xefe de servizo de Xestión e Promoción cultural, de data 21 de novembro de 2019:

“2.1. O contrato contempla a prestación dos servizos bibliotecarios complementarios de forma íntegra, sen que as súas partes deban ou poidan ser prestadas por separado, o cal iría en perxuízo do servizo ao cidadán. A prestación dos servizos realízase en base a un proxecto bibliotecario.

2.2. O apartado 3.5. do PPT "Adquisición de Fondos Bibliográficos, audiovisuais e suscripcións" non se debe considerar como un contrato de subministros regulado no artigo 16 da LCSP, xa que no citado prego non se definen os elementos a subministrar, nin prazos de entrega, debido a que a súa definición virá dada polo desenvolvemento do propio proxecto bibliotecario proposto pola empresa adxudicataria dos servizos bibliotecarios complementarios, e en función das características de funcionamento e desenvolvemento anual da biblioteca, ademais da demanda das persoas usuarias dos servizos. Trataríase dun medio necesario para a prestación dos servizos bibliotecarios.

Por este motivo, non resulta posible definir neste momento por parte da Administración Local os posibles elementos a adquirir, xa que dependen de variables resultantes da prestación dos servizos. O único que se fixa nos pregos de licitación é un importe mínimo para adicar a este apartado, de cara a garantir unha correcta prestación de servizos de calidade; a Administración tan só velará polo cumprimento anual do importe proposto pola empresa adxudicataria, que adquirirá os elementos en base a demanda dos usuarios e, ou, a existencia de novidades bibliográficos en cada momento que sexan de interese para a consecución dos obxectivos do proxecto bibliotecario proposto.

Ademais, grande parte das publicacións, prensa e revistas adquiridos neste apartado, por razóns lóxicas de espazo, renovación e falta de demanda posterior, pasan a formar parte dun expurgo. As bibliotecas son consideradas por definición entes vivos, non son almacéns que buscan crear grandes coleccións de publicacións, senon que o que persiguen é crear coleccións de calidade e pertinentes e adaptadas para a súa comunidade de persoas usuarias. Para esta cuestión, é fundamental a selección, avaliación permanente e adquisición selectiva de libros, pero tamén o expurgo, descarte ou eliminación de aqueles que deixan de ser útiles por diferentes motivos; trátase dun proceso que forma parte do ciclo vital das bibliotecas e regulado polo artigo 8 do RD 582/1989 relativo ao Regulamento de Bibliotecas Públicas do Estado e do Sistema Español de Bibliotecas.

A xestión dunha biblioteca esixe unha análise previa do seu entorno sociocultural para coñecer as necesidades e expectativas dos seus usuarios, un coñecemento profundo da colección e un bo nivel de profesionalidade na súa execución. A biblioteca debe practicar unha política de descarte de forma sistemática das adquisicións, procurando manter o equilibrio e a calidade da colección.

Todas estas variables fan inviable que a Administración poida, ou incluso deba, definir os elementos bibliográficos a adquirir para o correcto funcionamento da biblioteca durante o prazo de execución do contrato, e deban estar en función do proxecto bibliotecario a desenvolver e ao análise sistemático das súas necesidades en base á poboación destinataria.

2.3. En canto ao apartado 3.6. do PPT de "Substitución de material informático", non se estipula ningún importe mínimo a adicar dentro do contrato nin é vinculante, xa que se condiciona á existencia real da necesidade da substitución dos equipos descritos no anexo II do PPT nos casos de avarías ou mal funcionamento, o cal non se pode cuantificar nin detallar a priori. Ao igual que no caso anterior, non sería prácti-



Concello de Vigo

co, e iría en detrimento das propias persoas usuarias da biblioteca, que fose a propia Administración Local a que tivese posteriormente que realizar outro procedemento de contratación para resolver estas posibles avarías, unha vez detectadas e comunicadas pola empresa adxudicataria ao responsable do contrato, xa que produciría un retraso na prestación do servizo directo ao cidadán. No anexo II do PPT indícase, ademais, que os actuais equipos informáticos foron subministrados en decembro de 2018, polo que é de supoñer que poidan ter unha vida útil suficiente ao longo do prazo de execución do contrato.”

Do informe técnico despréndese que este contrato é un servizo con independencia de que o contratista teña que adquirir determinados medios para a súa prestación. Iso non muda a súa configuración como contrato de servizos. Pensemos que a execución de calquera contrato típico, sexa obras, servizos ou subministración pode incluír prestacións que poderían formar parte doutra clase, polo que a case totalidade dos contratos administrativos deberían cualificarse como mixtos. Si analizamos, por exemplo, un contrato de servizos de limpeza, nos daríamos conta que para prestar o mesmo é necesario utilizar determinados instrumentos ou máquinas (vasoiras, pulidoras, fregonas, recolledores, ...) así como produtos de limpeza (lixivia, deterxentes, limpiacristais ...) cuxa adquisición corre de conta do contratista. E non por iso o contrato é mixto.

Centrándonos no caso que nos ocupa, as prestacións ás que se alude non poden configurarse como contrato de subministración. No momento inicial a Administración descoñece que tipos de elementos incorporaranse: libros, revistas, xornais ... Nin cando se incorporarán. E en ocasións estes medios utilizaranse temporalmente polos usuarios da biblioteca e despois expurgaranse.

E con respecto ó mantemento de elementos informáticos, que podería en caso de avaría implicar a substitución do elemento, é preciso destacar que tratase dun servizo posto que a substitución do mesmo é contingente, podería non producirse durante a vida do contrato dado que tratase de equipos relativamente novos.

Podemos concluir que para a adecuada xestión do servizo é necesario que o contratista poda configurar libremente o seu proxecto bibliográfico, adquirindo os medios necesarios para o adecuado cumprimento do mesmo a medida de que se lle plantexen as necesidades ou o estime convinte.

Tal e como está plantexado o servizo é imposible que a Administración poida licitar un contrato de subministración de elementos que descoñece cales serán, si libros, revistas, xornais ... nin cando se adquirirán, nin o seu prezo.

Por outra banda, tal é como recolle a doutrina tanto xurisprudencial como a administrativa xurdida das resolucións dos tribunais especiais en materia de contratación, os contratos son o que son, con independencia de como os cualifique o órgano de contratación. Citaremos por todas a resolución nº 548/2015 do tribunal administrativo central de recursos contractuales que dí que:

“Esta cuestión se ha planteado ya, en diversas ocasiones ante este Tribunal. En la resolución no 149/2015, en la que se planteaba precisamente si la naturaleza del contrato de recogida de residuos afectado por el recurso era un contrato de servicios o de gestión de servicio público, este Tribunal señaló que habremos de abordar pues

esta cuestión, sin que pueda erigirse en obstáculo para ello, como defiende el Ayuntamiento, el hecho de que no se impugnase en su día el PCAP, puesto que, como tiene reiteradamente declarado este Tribunal (por todas, Resolución no 421/2014, de 30 de mayo), con apoyo en una consolidada doctrina jurisprudencial, los contratos son lo que son según su naturaleza con independencia de la denominación dada por las partes”.

En consecuencia, é irrelevante se o presente contrato é de servizos ou mixto. Se fose mixto, tal e como determina o TACGAL na Resolución nº 122/2018, o único problema é determinar cal é a prestación principal a efectos de fixar o réxime xurídico aplicable ó mesmo segundo o previsto no artigo 18 LCSP, que determina que “a) Cando un contrato mixto comprenda prestacións propias de dous ou máis contratos de obras, subministracións ou servizos, atenderase ao carácter da prestación principal.

No caso dos contratos mixtos que comprendan en parte servizos especiais do anexo IV, e en parte outros servizos, ou no caso dos contratos mixtos compostos en parte por servizos e en parte por subministracións, o obxecto principal determinarase en función de cal sexa o maior dos valores estimados dos respectivos servizos ou subministracións”.

No presente caso non hai dúbida de que a prestación principal é a de servizos.

Á vista do exposto, a xuízo da informante procede propor ó Tribunal a desestimación da presente alegación.

-VI-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente solicitou a suspensión do procedemento. Esta Administración, en aras da seguridade xurídica, esta conforme coa suspensión do procedemento.

-VII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propon á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1029).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE NOVE AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES. EXPTE. 34960/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 22/11/19, dáse conta do informe-proposta do 21/11/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con datas 25/10/19 e 16/09/19, os xefes dos servizos de Xuventude, Secretaría Goberno Local e Benestar Social, coa conformidade dos concelleiros-delegados respectivos, presentan escritos solicitando persoal coa categoría de Auxiliar de Administración Xeral para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, a concelleira-delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 07/11/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de nove Auxiliares de Administración Xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 07/11/2019, emítase polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).



Concello de Vigo

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os/as funcionarios/as interinos/as percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para

cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito dos xefes dos servizos de Xuventude, Benestar Social e secretaría de goberno local coa conformidade dos concelleiros/as-delegados/as respectivos, así coma na instrución de servizo da concelleira-delegada Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, na que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:



Concello de Vigo

Segundo o informe técnico-económico emitido polo técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de nove Auxiliares para os Servizo de Benestar Social, Oficina Asistencia ao Rexistro e Información e, Xuventude, códs. 301, 232 e, 333, respectivamente, e tendo en conta o nomeamento entre o 1 de decembro de 2019 e o 31 de maio de 2020, supón un gasto de **108.431,74** €, dos que 17.708,66€, corresponde a presente exercicio e, 90.723,08€ ao vindeiro exercicio 2020, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **34.927,02** € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, dos que 5.704,92€, corresponde a presente exercicio e, 29.222,10€ ao vindeiro exercicio 2020.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente" do orzamento do exercicio 2019 (1 meses) e ao vindeiro ano 2020 (5 mes).

En consecuencia, de aprobarse o presente expediente obrigaría a incorporar o correspondente AFUT no vindeiro orzamento 2020 nunha contía total de 90.723,08€, respecto de retribucións e, de 29.222,10€ de Seguridade Social, que importa un total de 119.945,18€

En resumo, as cantidades comprometidas nos diferentes AFUT nos diferentes exercicios son as seguintes: 2020, por un total de 1.214.642,89€, 2021, por un total de 96.885,16€ e, 2022, por un total de 24.214,46€.

Non obstante, e considerando a obxección indicada no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Auxiliar de Administración Xeral, existes listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Auxiliares de Administración Xeral a D^a. L. DIZ RODRIGUEZ con DNI ***6727***, D. A. GUTIERREZ VELO con DNI ***5831**, D. X. GARCIA PEREZ con DNI ***4556**, D^a. M. J. CHAMORRO FIGUEIROA con DNI ***9674**, D^a. B. A. FERNANDEZ IGLESIAS con DNI ***5354**, D. S. GÓMEZ GARCIA con DNI ***7492**, D^a. A. BARBOSA GÓMEZ con DNI ***3305**, D^a. M. E. GIL ALONSO con DNI ***3596**, D^a. M. J. COSTAS CRUCES con DNI ***9355**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os mesmos aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de recursos humanos e formación e da sra. concelleira-delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de alcaldía en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de nove funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **Auxiliares de Admón. Xeral**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades dos servizos de Xuventude, Rexistro Xeral e Benestar Social, contidas no escrito de data 25/10/19 e 16/09/19 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **108.431,74 €**, dos que 17.708,66€, corresponde a presente exercicio e, 90.723,08€ ao vindeiro exercicio 2020, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **34.927,02 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, dos que 5.704,92€, corresponde a presente exercicio e, 29.222,10€ ao vindeiro exercicio 2020, reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como **Auxiliares Admón. Xeral** a D^a. L. DIZ RODRIGUEZ con DNI ***6727***, D. A. GUTIERREZ VELO con DNI ***5831**, D. X. GARCIA PEREZ con DNI ***4556**, D^a. M. J. CHAMORRO FIGUEIROA con DNI ***9674**, D^a. B. A. FERNANDEZ IGLESIAS con DNI ***5354**, D. S. GÓMEZ GARCIA con DNI ***7492**, D^a. A. BARBOSA GÓMEZ con DNI ***3305**, D^a. M. E. GIL ALONSO con DNI ***3596**, D^a. M. J. COSTAS CRUCES con DNI ***9355**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto posto cód. 138-Auxiliar, sendo adscritos/as aos servizos de Xuventude (dúas/dous Auxiliares Admón. Xeral), Rexistro Xeral (tres Auxiliares Admón. Xeral) e Benestar Social (catro Auxiliares Admón. Xeral), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías



Concello de Vigo

profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, aos servizos de Xuventude, Rexistro Xeral e Benestar Social, á Intervención Xeral, ao Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1030).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez